
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE LATÍN
E
DEPARTAMENTO DE GREGO

Índice

DEPARTAMENTO DE LATÍN	4
I- Capítulo: ESO	4
1. Cultura Clásica 3º ESO ou 4º ESO	4
1.1. Introducción e contextualización.	5
1.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	6
1.3. Concreción dos obxectivos.....	8
1.4. Estándares de aprendizaxe. Temporalización. Procedementos e instrumentos. Grao mínimo de consecución	10
1.5. Concrecións metodolóxicas.....	18
1.6. Materiais e recursos didácticos.....	19
1.7. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción.....	20
1.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	25
1.9. Materias pendentes: actividades de seguimento, recuperación e avaliación.....	26
1.10. Elementos transversais	26
1.11. Avaliación inicial: deseño e medidas a adoptar.....	27
1.12. Medidas de atención á diversidade.....	27
2. Latín 4º ESO	28
2.1. Introducción e contextualización	28
2.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	30
2.3. Concreción dos obxectivos.....	32
2.4. Estándares de aprendizaxe. Temporalización. Procedementos e instrumentos. Grao mínimo de consecución	34
2.5. Concrecións metodolóxicas.....	43
2.6. Materiais e recursos didácticos.....	44
2.7. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción.....	45
2.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	49
2.9. Materias pendentes: actividades de seguimento, recuperación e avaliación.....	50
2.10. Elementos transversais	50
2.11. Avaliación inicial: deseño e medidas a adoptar.....	51
2.12. Medidas de atención a diversidade.....	52
II- Capítulo: Bacharelato	53
3- Latín I.....	53

3.1.	Introducción e contextualización	53
3.2.	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	55
3.3.	Concreción dos obxectivos.....	57
3.4.	Estándares de aprendizaxe. Temporalización. procedementos e instrumentos. Grao mínimo de consecución.	58
3.5.	Concrecións metodolóxicas.....	71
3.6.	Materiais e recursos didácticos.....	72
3.7.	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción.....	73
3.1.	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	78
3.9.	Materias pendentes: actividades de seguimento, recuperación e avaliación.....	79
3.10.	Elementos transversais	79
3.11.	Avaliación inicial: deseño e medidas a adoptar.....	80
3.12.	Medidas de atención a diversidade	81
4.	Latín II	81
4.1.	Introducción e contextualización.....	81
4.2.	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	83
4.3.	Concreción dos obxectivos.....	85
4.4.	Estándares de aprendizaxe. Temporalización. Procedementos e instrumentos. Grao mínimo de consecución	87
4.5.	Concrecións metodolóxicas.....	93
4.6.	Materiais e recursos didácticos.....	94
4.7.	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción.....	95
4.8.	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	99
4.9.	Materias pendentes: actividades de seguimento, recuperación e avaliación.....	100
4.10.	Elementos trasversais	101
4.11.	Procedementos para a acreditación dos coñecementos necesarios	102
4.12	Medidas de atención á diversidade	103
5.	Mitoloxía Clásica	104
5.1	Introducción e contextualización	104
5.2	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	104
5.3	Estándares de aprendizaxe. Temporalización. Procedementos e instrumentos. Grao mínimo de consecución	107
5.4	Concrecións metodolóxicas.	110
5.5	Materiais e recursos didácticos	111
5. 6	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción.....	112
5. 7	Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	114

5. 8	Elementos transversais	115
5. 9	Medidas de atención a diversidade	115
DEPARTAMENTO DE GREGO.....		116
6.	Grego I.....	116
6.1	Introducción e contextualización.....	116
6.1	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	117
6.1	Concreción dos obxectivos.....	120
6.4	Estándares de aprendizaxe. Temporalización, procedementos e instrumentos. Grao mínimo de consecución	122
6.5	Concrecións metodolóxicas.....	138
6.6	Materiais e recursos didácticos.....	139
6.7	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción.....	139
6.8	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	140
6.9	Materias pendentes: actividades de seguimento, avaliación e recuperación.....	141
6.10	Elementos transversais.	142
6.11	Avaliación inicial: deseño e medidas a adoptar.....	143
6.12	Medidas de atención á diversidade.....	143
III- Capítulo final		144
7.	Actividades complementarias e extraescolares	144
8.	Revisión, avaliación e modificación da Programación didáctica	145
APÉNDICE: Posibles escenarios docentes		146
*- Actividade lectiva presencial		146
*- Actividade semi – presencial.....		146
*- Actividade non presencial.....		149

DEPARTAMENTO DE LATÍN

O Departamento de Latín neste curso escolar está constituído por:

Dña. M^a Dolores Castro Caridad, catedrática de latín e Xefe de Departamento.

Está asumindo o excedente de horas este curso escolar D. Fernando Olvés, profesor definitivo do departamento de Música

A carga lectiva neste curso escolar do Departamento de Latín é a seguinte:

Cultura Clásica de 3º ESO (2 horas), grupos	Total: horas
Latín 4º ESO (3 horas), grupos	Total: horas
Latín I 1º Bach (4 horas), 1 grupo	Total: 4 horas
Latín II 2º Bach (4 horas), 1 grupo	Total: 4 horas
Mitoloxía Clásica 2º Bach (1 hora), 1 grupo	Total: 1 hora
Total: horas	

Según dos horarios comunicados pola Xefatura de estudos se distribúen da seguinte maneira:

Dña M^a Dolores Castro Caridad, Jefe do Departamento : dos grupos de 3º ESO (4 horas), dous grupos de Latín 4º ESO (6 horas), un grupo de Latín I (4 horas), un grupo de Latín II (4 horas) e un grupo de Mitoloxía Clásica (1 hora): TOTAL: 19 horas lectivas

Dña M^a Carmen Silva Rodríguez, seis grupos de 3º ESO. TOTAL: 12 horas

D. Fernando Olvés, profesor definitivo do departamento de Música, asume 2 horas de Cultura Clásica de 3º ESO na extensión do centro no CGTD.

I- Capítulo: ESO

1. Cultura Clásica 3º ESO ou 4º ESO

Esta é una materia específica do terceiro curso da ESO, que o alumnado deberá elixir fronte á Segunda Lingua Estranxeira, segundo o currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. 1. Introducción e contextualización.

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen. A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e a análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e as cidadás de Europa, máis non só, tamén de todas aquelas que se atopan no que se dou en chamar Oriente Medio.

De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia artículase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e a evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica, neste ámbito será permitir ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta mesma como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos. No ámbito non lingüístico englobase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela.

Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións

actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxos xermes determina toda a nosa tradición literaria, todos os nosos xéneros literarios, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras. Vai implícito, pois, o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura.

No que atinxe ao apartado dedicado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental, é de subliñar que permitirá ao alumnado ser consciente de que inda seguimos a ser grecorromanos.

1. 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Dentro das competencias clave a comunicación lingüística (CCL) é a competencia con máis presenza sobre todo no bloque lingüístico, xa que permite descubrir as raíces grecorromanas do vocabulario das linguas que o alumnado utiliza e poida utilizar. Non obstante, no bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan, tamén, a expresión a través da comunicación textual, oral, audiovisual e dixital.

A presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual aproveitarase como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital (CD). A procura de información, que deberá ser guiada na meirande parte das ocasións, facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento.

Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender (CAA), xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo.

A descuberta da historia do mundo grego e do romano a través dos seus fitos máis salientables no ámbito da política, a sociedade e a vida cotiá axudarán a potenciar as competencias sociais e cívicas, así como a competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), por medio da planificación de proxectos en equipo, reforzando os conceptos dos valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables (CSC).

Unha visión global da xeografía e historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico (CMCCT).

Por último indicar que a aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico permite o desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

COMPETENCIA CLAVE	DESENVOLVEMENTO
CCL	Comprensión do sentido dos textos escritos e orais. Expresión oral con corrección, adecuación e coherencia. Respecto polas normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor, etc. Manexo de elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas. Entendemento do contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para darlle un mellor uso.
CD	Emprego de varias fontes para a busca de información. Selección do uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. Elaboración de información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos. Utilización das distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. Manexo das ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. Actualización no uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
CAA	Xeración de estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. Xestión dos recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe. Desenvolvemento de estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. Aplicación de estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente, etc. Seguimento dos pasos establecidos e toma de decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. Avaliación da consecución de obxectivos de aprendizaxe.
CSIEE	Asunción das responsabilidades encomendadas e dar conta delas. Constancia no traballo, superando as dificultades. Xestión do traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos. Priorización da consecución de obxectivos de grupo fronte a intereses persoais. Resolución da necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa. Mostra de iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. Xeración de novas e diverxentes posibilidades dende coñecementos previos do tema
CSC	Mostra de dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. Recoñecemento da riqueza que supón a diversidade de opinións e ideas. Concepción dunha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

	Aprendizaxe dun comportamento desde o coñecemento dos distintos valores. Respecto os distintos ritmos e potencialidades. Compromiso ou promoción de accións cun fin social.
CMCCT	Desenvolvemento e promoción de hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. Xeración de criterios persoais en torno á visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable. Recoñecemento da importancia da ciencia na nosa vida cotiá. Aplicación de métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico, etc).
CCEC	Valoración da interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. Apreciación da beleza das expresións artísticas e do cotián. Elaboración de traballos e presentacións con sentido estético. Mostra de respecto cara ao patrimonio cultural nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica, etc), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

1.3. Concreción dos obxectivos

Un dos obxectivos principais da materia de Cultura Clásica é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade. Esta materia pode significar para o alumnado de educación secundaria unha excelente vía de achegamento á posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e mesmo no contorno cotián, así como nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética. Pero isto non significa que non contribúa a consecución da totalidade dos obxectivos de etapa:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan

discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1.4. Estándares de aprendizaxe. Temporalización. Procedementos e instrumentos. Grao mínimo de consecución

Seguindo a presentación do curriculum da materia exposta no Anexo II (materias específicas) do Decreto 86/2015, DOGA 29,xuño, 2015, respectamos a organización de contidos por bloques, que o citado decreto establece, si ben algún destes vai ser tratado ao longo de todo o curso, por considerar que é preciso dosificar o seo estudo nos distintos trimestres. E como pode deducirse do anteriormente indicado a nosa temporalización vaise axear as avaliacións que se teñen fixadas neste centro polo seu claustro.

Así mesmo respectando a presentación de dito curriculum da materia concretaremos cada estándar de aprendizaxe na seguinte táboa:

1º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	1.Xeografía	A lo menos sinala e enumera 1/3 do total	Observación do traballo na aula
CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.			
CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.	2.Historia	A lo menos distingue a ½ das etapas xerais da historia grecolatina e sabe situalas nunha barra do tempo. Comprende o concepto de romanización da Gallaecia	Observación do traballo na aula Traballo individual Exposición oral
CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fíto asociados a cada unha delas.			
CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.			
CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fíto históricos salientables, consultando ou non fontes de información.			
CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.			

CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.			
CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.			
CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.	6. Lingua e literatura	A lo menos recoñece algúns tipos de escritura e sabe situar nun mapa 1/3 das lingua romances	Observación do traballo na aula Resolución de actividades en equipo Proba escrita
B6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.			
CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.			
CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.			
CCB6.4.2. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.			
CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.			
CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe			

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.	3. Mitoloxía	A lo menos sabe relacionar entre elas 1/3 das divindades grecolatinas estudadas	Observación do traballo na aula Traballo individual Exposición oral
CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.			
CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.			
CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.			
CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.			
CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.			
CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.			
CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.			

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.	4. Arte	A lo menos sabe identificar 1/3 das manifestacións artística estudadas.	Observación do traballo na aula Traballo individual Exposición oral
CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.			
CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.			
CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.			
CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.			
CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.	6. Lingua e literatura	A lo menos sabe empregar 1/3 das locucións latinas estudadas e distingue algúns cultismos, semicultismos e termos patrimoniais	Observación do traballo na aula Traballo individual Resolución de probas prácticas Exposición oral
CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.			
CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.			
CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo			

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.			
CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.			

3º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.	5. Sociedade e vida cotiá	A lo menos sabe explicar a orixe e natureza dos xogos olímpicos, identifica 0 80% dos diferentes tipos de vivenda, modo de alimentación e formas de lecer	Observación do traballo na aula Traballo individual Exposición oral
CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.			
CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.			

3º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.			
CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.			
CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.			
CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.			
CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.			
CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.	6. Lingua e literatura	A lo menos sabe identificar 1/3 de termos de orixe grecolatino e das manifestacións literarias estudadas	Observación do traballo na aula Resolución de actividades en equipo Proba escrita
CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.			
CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e reconece a súa influencia na literatura posterior.			
CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.			

3º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.	7. Pervivencia na actualidade	A lo menos sabe empregar 1/3 das locucións latinas estudadas e distingue algúns cultismos, semicultismos e termos patrimoniais	Observación do traballo na aula Resolución de actividades en equipo Traballo individual Exposición oral
CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.			
CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.			
CCB7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.			

1. 5. Concrecións metodolóxicas

Na materia Cultura Clásica, como no resto de materias, a metodoloxía é un instrumento esencial para a consecución dos obxectivos marcados. É preciso, pois, considerar os seguintes principios metodolóxicos xenerais que faciliten unha aprendizaxe significativa e o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

- O alumno debe ser protagonista da súa aprendizaxe; polo tanto o profesor actuará de guía e mediador nese proceso, axudando a que o alumno relacione os novos coñecementos cos seus previos. Para iso, propoñeranse ao alumnado actividades de aprendizaxe que lle permitirán exercitar e desenvolver progresivamente as súas capacidades e habilidades.
- A aprendizaxe debe ser funcional; neste sentido, é necesario presentar os contidos de Cultura Clásica nun contexto non illado, senón articulado e en relación clara coa realidade cotiá e cos contidos doutras materias. Un aspecto importante, pois, é a interdisciplinariedade, de modo que os coñecementos adquiridos sexan funcionais. Desta forma, a Cultura Clásica posibilitará ao alumnado unha maior competencia lingüística na súa propia lingua, permitíndolle un acceso máis sinxelo a outras linguas modernas e, ademais, axudaralle a unha mellor análise da realidade histórica, social, política, cultural e científica.
- As actividades serán individuais e de grupo, xa que é conveniente que o alumno realice non só actividades individuais, senón tamén actividades en grupo que favorezan o intercambio de información, o contraste de puntos de vista e as actitudes de cooperación entre todos, procurando construír procesos de aprendizaxe cooperativa nos que o alumno desenvolva a súa autonomía e a súa capacidade de colaboración con outros. Con este obxectivo, programaranse actividades consistentes en sinxelos proxectos de busca, selección, procesamento e intercambio da información utilizando as tecnoloxías apropiadas.

Na Cultura Clásica necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre as grandes achegas da cultura clásica á nosa civilización. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Cultura Clásica é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

En termos xerais, é necesaria unha metodoloxía de traballo variada coa finalidade de que sexa adaptable ás peculiaridades do alumnado e responda á súa diversidade, utilizando procedementos e recursos múltiples que susciten o interese dos alumnos e se adapten aos seus distintos ritmos de aprendizaxe. Consideramos que, de forma xeral, o proceso de ensino-aprendizaxe ha de realizarse mediante tarefas de diferentes tipos:

- * Tarefas que conteñen actividades de introdución, motivación e coñecementos previos: Aquela que han de introducir o interese do alumno polo que respecta ao contido da unidade que se aborda. Son as que se realizan para poñer de relevo os coñecementos previos, coñecer as ideas, opinións, acertos ou erros dos alumnos sobre os contidos que se van desenvolver.
- * Tarefas que conteñen actividades de desenvolvemento: as que permiten coñecer os conceptos, os procedementos ou as novas actitudes.
- * Tarefas que conteñen actividades de síntese-resumo: Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- * Tarefas que conteñen actividades de consolidación, recuperación e ampliación: As que permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos, así como aplicar as aprendizaxes. Son, por unha banda, todas as que se programan para os alumnos que non alcanzaron os coñecementos traballados; e por outra, as que permiten afondar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.

1.6. Materiais e recursos didácticos

Para esta materia neste curso que comeza o Departamento de Latín acordou sumarse a plataforma EVA E-Dixgal dentro da oferta asumida polo centro de

continuidade e extensión da mesma ao último curso do 1º ciclo da ESO. O que supón manexar o material ofertado polo dita plataforma (só o da editorial EDEBÉ, polo de agora) e a creación de material propio.

Pero ademais o departamento conta coa posibilidade da Aula virtual do centro, plataformas educativas (wikisaber, linkedln, tiching, entre outras) o que supón o manexo das ferramentas TICs, xunto con o feito de formar parte de asociacións culturais e de grupos en redes o que permite un gran intercambio de recursos e materiais.

1.7. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción

Os criterios de avaliación que se establecen dentro do marco legislativo da LOMCE para a materia de Cultura Clásica, quedan claramente especificados no DOGA do 29 de xuño, 2015, e son os seguintes:

BLOQUE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
Bloque 1. Xeografía	B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
	B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.
Bloque 2. Historia	B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.
	B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.
	B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.
Bloque 3. Mitoloxía	B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.
	B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
	B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.
	B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.
Bloque 4. Arte	B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
	B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.
	B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.
	B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.

BLOQUE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
	B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.
Bloque 5. Sociedade e vida cotiá	B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.
	B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.
	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.
	B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.
	B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.
	B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.
Bloque 6. Lingua e literatura	B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.
	B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.
	B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.
	B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.
	B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.
	B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.
	B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.
	B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.
	B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.
	B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.
	B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.
	B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.
Bloque 7. Pervivencia actualidade	B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.
	B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.
	B7.3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

BLOQUE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
	B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

Como pode claramente deducirse o apartado ao que hai que facer especial fincapé vai ser o da lingua e literaturas clásicas, si ben somos conscientes que este é o aspecto de maior dificultade para aqueles alumnos que presenten una dificultade no eido de acadar estes criterios para a promoción da materia, polo que se establecen como criterios mínimos de avaliación os que seguen:


CRITERIOS MÍNIMOS DE PROMOCIÓN	
1.	Localizar nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
2.	Coñecer as características máis importantes do marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e Roma no momento do seu apoxeo.
3.	Coñecer algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas consecuencias e influencia na nosa historia.
4.	Distinguir e situar nun eixe cronolóxico as principais etapas históricas de Grecia e Roma.
5.	Coñecer coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, os seus trazos, atributos e ámbitos de influencia.
6.	Coñecer os mitos e heroes grecolatinos de maior relevancia.
7.	Coñecer as características fundamentais da arte grega e romana e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
8.	Localizar nun mapa e describir os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio español.
9.	Coñecer as características dos principais sistemas políticos presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
10.	Coñecer as características e a evolución da organización social grega e romana e a súa presenza na sociedade actual.
11.	Identificar e explicar os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros.
12.	Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na Antigüidade.
13.	Recoñecer os diferentes tipos de escritura e distinguilas entre si.
14.	Distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade.
15.	Coñecer a orixe común de diferentes linguas.
16.	Describir a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico.
17.	Identificar as linguas romances e non romances da Península Ibérica e localizalas nun mapa.

CRITERIOS MÍNIMOS DE PROMOCIÓN	
18.	Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.
19.	Describir algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que chegaron ata a actualidade.
20.	Coñecer a presenza da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.
21.	Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.
22.	Realizar traballos de investigación sobre a presenza da civilización clásica no contorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.
23.	Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania.
24.	Coñecer e comparar as características da relixiosidade grega e romana coa actualidade.
25.	Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións de culto privado.
26.	Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.


Acadados estes criterios, o alumnos obterá, conforme establece o decreto, unha cualificación numérica, sen decimais, nunha escala de un a dez, que irá acompañada dos seguintes termos e nas correspondencias que a continuación de especifican:

TERMO	CUALIFICACIÓN NUMÉRICA
Insuficiente (IN)	1, 2, 3 ou 4
Suficiente (Su)	5
Ben (B)	6
Notable (NT)	7 ou 8
Sobresaliente (SB)	9 ou 10

Esta cualificación vai ser a que se empregue en cada unha das avaliación que temos establecidas neste centro: 1ª, 2ª e 3ª Avaliación e Final. Para cada unha de elas establece o aprobado no Suficiente (Su) 5, que ha de conseguir da suma do progreso nas competencias, nos estándares de aprendizaxe e na realización de probas escritas, na ponderación 30% da cualificación final, como representamos no seguinte diagrama:



A ponderación de cada unha das avaliacións vai ser continua e progresiva, pois a mellora no facer do alumno vai ser ter en conta.



O alumnado acadará o aprobado, e polo tanto promoción na materia, cando a cualificación final que acade sexa igual ou superior a Suficiente (Su) 5.

1.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Relación de indicadores que imos manexar de resposta binaria (si/non)

1.	Programación da materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2.	Programación da materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3.	Selección e secuenciación de forma progresiva dos contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4.	Programación de actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5.	Planificación das clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6.	Establecemento dos criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos.
7.	Coordinación co profesorado doutros departamentos con materias con contidos afíns a esta materia.
8.	Entrega dun plan de traballo ao principio de cada unidade e formulación de situacións que introduzan a unidade.
9.	Relación das aprendizaxes a aplicacións reais ou a súa funcionalidade.
10.	Informe sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
11.	Relación dos contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
12.	Estimulación a participación activa dos estudantes.
13.	Promoción á reflexión dos temas tratados.
14.	Resumo das ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema.
15.	Relación, na medida do posíbel, dos novos conceptos cos xa coñecidos.
16.	Aclaración de dúbidas e asesoramento continuo.
17.	Optimización do tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe.
18.	Utilización das TICs de todo tipo como metodoloxía de apoio.
19.	Promoción do traballo cooperativo mantendo unha comunicación fluída cos estudantes.
20.	Desenvolvemento dos contidos dunha forma ordenada e comprensible para o alumnado.

Relación de indicadores que imos manexar de resposta extendida

21.	Conclusións da información recadada de cada alumno sobre a utilidade da materia
22.	Indagación do grao de satisfacción do alumnado
23.	Aportacións da materia a nivel individual de cada alumno
24.	Autoreflexión sobre todos os aspectos, tanto do acadado como o do mellorable

1.9. Materias pendentes: actividades de seguimento, recuperación e avaliación.

Neste curso escolar que agora comezamos non existe ningún alumno coa materia de Cultura Clásica pendente. Inda así o departamento ten deseñado nesta Programación didáctica unha dobre vía de actuación segundo sexa a situación académica que o alumno pendente presente.

- Hipótese A: Alumno que cursa Cultura Clásica en 4º ESO

Se fará un seguimento do alumno dentro da propia materia de 4º, observando a evolución no traballo na aula, así como tamén da actividade tanto individual como en equipo que desenvolva. Se lle facilitará un cuestionario (que se está a elabora para cando así se precise) relativo os estándares de aprendizaxe correspondentes a cultura clásica de 3º nos que queden englobados os criterios mínimos de promoción fixados nesta Programación didáctica.

- Hipótese B: Alumno que non cursa cultura Clásica en 4º ESO

Se lle facilitará ao alumno un cuestionario (que se revisa cada curso cando así se precise) relativo os estándares de aprendizaxe correspondentes a cultura clásica de 3º nos que queden englobados os criterios mínimos de promoción fixados nesta Programación didáctica

1.10 Elementos transversais

Tendo en conta os principios metodolóxicos que establece o Decreto da LOMCE (Artigo 11, Capítulo I, Título I) na materia de Cultura Clásica vai traballar os seguintes elementos transversais:

ELEMENTOS TRANSVERSAIS	
Comprensión lectora	Dedicarase un tempo a lectura na práctica docente, de maneira sistemática sobre mitos da antigüidade clásica, promovendo o uso da información
Expresión oral e escrita	Vai inherentemente ligado este elemento a elaboración das actividades de aula dentro das tarefas a desenrolar
Uso das TICs	Emprego de aula virtual, bloges, páxina web, editor de imaxes e vídeos e mesmo redes sociais
Educación cívica e social	A cultura clásica é a cultura nai da democracia, dos órganos colexiados e do nacemento da defensa dos

	dereitos humanos. A prevención de conflitos baséase na aplicación da xustiza, coa creacións das leis que regulan a convivencia.
Educación na igualdade	Na cultura clásica está moi presente a non discriminación: hermafroditismo
Espírito emprendedor	Fomentarase a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico
Educación e seguridade viaria	Que este xa era un aspecto importante na convivencia cidadá vexa no desenvolvemento do urbanismo romano

1.11 Avaliación inicial: deseño e medidas a adoptar

A nosa avaliación inicial non pode ir soamente encamiñada a detección do nivel de contidos previos que poida ter o alumnado; pois, sen dúbida, este dependerá da formación xeral que teña cada un dos seus membros, e, simplemente, cun test de cinco ítem por cada un dos bloques de contidos do curriculum da materia é máis que suficiente para constatar o grao inicial do que partir. Debemos ter en conta dun xeito moi salientable que, en principio e de partida, ningún alumno conta con formación nesta materia de Cultura Clásica, pois é a primeira vez que se enfronta a ela no curso da súa formación regulada.

Mais interesante é o segundo aspecto ao que pensamos que ten que ir encamiñada tamén dita avaliación inicial: desmontar falsos coñecementos que se creen clásicos e demostrar que se sabe máis cultura clásica do que se consciente.

A consecuencia da detección dos coñecementos previos en cada bloque, vai conseguir achegar máis facilmente a consecución dos obxectivos, a asimilación dos contidos e ase mesmo vai permitir deseñar tarefas de máis amplo percorrido.

A avaliación inicial vai reflectir uns resultados no referido dunha maneira moi directa as competencias clave, que se reforzarán, tanto dun xeito individualizado, para que cada alumno evolucione na medida do que ten que ser afianzado ou reforzado e mesmo ampliado en cada un deles; pero tamén poderá extraerse unha conclusión globalizada do grupo, que vai motivar que nas actividades colectivas sexa o aspecto ou aspectos das competencias clave que resulten sen aflorar os que se reforcen.

1.12 Medidas de atención á diversidade

Neste apartado é imprescindible recadar toda a información previa que se poida obter de cada un dos alumnos, porque isto, xunto coa avaliación inicial, vains permitir descubrir que alumnado pode precisar de antemán un seguimento máis personalizado ou mesmo unha ubicación dentro da aula máis favorable a cada un deles. Tamén vains a

axudar a diversificar as actividades de reforzo e ampliación así como a unha distribución diferente do tempo a empregar por parte do alumnado obxecto desta medidas de atención nos estándares de aprendizaxe e no modo e maneira de que leven a cabo tarefas con as actividades deseñadas para eles.

Sen dúbida solicitarase asesoramento por parte de equipo de orientación, por mor de adecuar as medidas a adoitar en cada caso de maneira personalizada e específica. En xeral pode adiantarse que no caso de necesidade dunha ACI, centrarase na redución da extensión dos estándares de aprendizaxe e nunha diminución do grado de consecución de todos aqueles nos que o alumno o precise.

2. Latín 4º ESO

2.1. Introducción e contextualización

Dentro do marco do decreto 86/2015 que establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Título II, Capítulo II (artigos 29 e 30), se determina que o Latín é unha materia troncal do itinerario de Humanidades da modalidade de Bacharelato de Humanidades e ciencias sociais cunha carga lectiva de catro horas semanais.

O Consello de Europa e o Foro Intergobernamental Europeo entre outras institucións recoñecen a importancia das linguas como instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Ademais achegan ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. Se recoñece así a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A finalidade da educación plurilingüe é retirar barreiras artificiais entre as linguas; alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, pero ademais estudia linguas estranxeiras. Co cal o estudo das linguas clásicas, o latín e o grego, a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día.

Na materia de Latín se estudia en profundidade os aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexon hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

O latín en 4º da ESO vai comezar cun método natural, deducindo as regras morfosintácticas a partires da lectura e da tradución. Esta materia ten regulado o seu estudio en tres cursos (cuarto de ESO, primeiro e segundo de bacharelato) nos que, con lixeiros matices, se repiten os bloques nos que está organizada; bloques que se refiren tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, imprescindibles para o estudo da civilización romana e sen os cales non é posible apreciar a verdadeira dimensión do legado latino. O primeiro destes bloques, referente ao latín como orixe das linguas romances, é neste nivel haberá de comezarse coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, evolución, e etapas do latín e as linguas romances. Nos tres cursos si haberá que analizar o papel que desempeñou o latín na formación das linguas cooficiais da nosa Comunidade Autónoma, galego e castelán, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica; así como tamén o papel que o latín desempeñou nas demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, facendo o mesmo tipo de estudio nelas.

O bloque que aborda os elementos básicos da lingua latina, dende os sistemas de escritura ata a orixe e evolución do abecedario latino e a súa pronuncia, está só deseñado tanto para cuarto de ESO coma para primeiro de Bacharelato.

Os dous seguintes bloques, que tratan aspectos netamente lingüísticos, están presentes no tres cursos, pero é aquí neste onde preténdese iniciar ao alumnado no concepto de flexión, nas estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, chegando ao nivel de complexidade axeitado en cada un dos cursos co propósito da comprensión e a interpretación dos textos.

O bloque dedicado ao estudo da civilización latina está presente tanto no cuarto curso de ESO coma no primeiro de bacharelato para iniciar ao alumnado no coñecemento

dalgunhas das manifestacións artísticas máis relevantes e significativas da antigüidade romana (escultura, arquitectura e literatura).

Por último, o bloque dedicado ao estudo do léxico, presente nos tres cursos, haberá de prestar unha especial atención a etimoloxía e á composición e á derivación culta, mesmo iniciando neste curso a prefixos, lexemas e sufixos de orixe non só latina, senón tamén grega.

2.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencia clave	Contribucións
Comunicación lingüística (CCL)	
	Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e lecer. Comprensión do compoñente lingüístico das linguas propias e das linguas estranxeiras. Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social. Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades. Desenrolo de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación. Desenrolo da capacidade crítica ante o mensaxe e o seu contido. Facilidade para o aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nelas. Fomento da capacidade creativa lingüística. Melloría na comprensión e na emisión de mensaxes orais e escritos. Melloría na motivación do aprendizaxe a partir da mellora na comprensión e expresión lingüística. Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, polo de tanto, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual. Preparación para un mellor acceso ó coñecemento mediante la lectura de textos orixinais.
Competencia matemática competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	
	Desenrolo da capacidade crítica e análise razoado de problemas e situacións. Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos. Desenrolo de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan. Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidas. Desenrolo de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións. Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc. Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias. Desenrolo do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina. Promoción da investigación científica e achegamento ós métodos que lle son propios. Elaboración de xuízos críticos sobre o desenrolo científico e tecnolóxico ó longo da historia. Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías.

	Capacidade de transmisión axeitada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.
Competencia dixital (CD)	
	Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos. Fomento do traballo colaborativo. Busca de información mediante motores de busca. Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais. Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos. Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.). Acceso e contribución ó coñecemento de dominio (wiki). Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación mais axeitada en función do contido e o receptor da mensaxe.
Aprender a aprender (CAA)	
	Motivación por aprender. Organización e xestión do propio aprendizaxe. Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe. Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados. Capacidade de aprendizaxe en grupo.
Competencias sociais e cívicas (CSC)	
	Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais. Desenrolo de actitudes de respecto nas relacións sociais dende o coñecemento da súa diversidade histórica. Análise de situacións para a resolución de conflitos. Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade. Contribución á mellora das institucións dende o coñecemento da súa historia. Conciencia de participación na sociedade actual dende o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais. Desenrolo de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, dende o estudo da súa evolución histórica. Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais dende unha perspectiva histórica e cultural. Aprendizaxe crítico de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade. Respecto reflexivo e crítico ante as diferencias existentes entre diferentes sistemas de valores.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	
	Capacidade para pensar de forma creativa. Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos. Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.). Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas. Comunicación e presentación de proxectos.

	Capacidade de traballo individual e en grupo. Capacidade de autoevaluación. Desenrolo do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para acadar os obxectivos planificados polo alumno.
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	
	Coñecemento do legado cultural e artístico da Roma antiga. Aprecio e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas. Análise do legado cultural e artístico da Roma antiga como elemento fundamental da cultura europea. Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno. Desenrolo do interés polas manifestacións culturais e artísticas. Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas romanas e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ó longo da historia hata a cultura e o arte contemporáneo. Desenrolo de valores relativos á conservación do patrimonio e aprecio pola herdanza cultural e artística.

2.3. Concreción dos obxectivos

Sen dúbida o estudo do Latín permite concretar cada un dos obxectivos que a LOMCE establece para a educación secundaria obrigatoria, pois vaille facilitar ao alumnado o desenvolvemento das capacidades que lle permiten:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2.4. Estándares de aprendizaxe. Temporalización. Procedementos e instrumentos. Grao mínimo de consecución

Seguindo o deseño curricular establecido polo Decreto 86/2015 imos elaborar nesta Programación Didáctica unha estrutura do mesmo no que os estándares de aprendizaxe aparecen distribuídos en tres trimestres conforme a estruturación do curso escolar en tres avaliacións:

1º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	1. O latín, orixe das linguas romances	A lo menos o alumno será quen de indicar o 50% do que se lle pide en cada un dos estándares	Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas
LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.			
LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.			
LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.			
LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaaos consonte a súa natureza e a súa función.	2. Sistema da lingua latina: elementos básicos	O alumnado deberá recoñecer e explicar o 30 % dos tipos de escritura e alfabetos estudados; e na lectura acadará o 85% de nivel de corrección	Exposición oral na aula Emprego das TiCs
LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.			
LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.			

1º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	3. Morfoloxía	Se precisará un 65% en cada un dos estándares	Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Exposición oral na aula Realización de probas escritas
LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.			
LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.			
LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.			
LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	4. Sintaxe	100%	Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Exposición oral na aula Realización de probas escritas
LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	5. Roma: historia, cultura e civilización	45% de consecución	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs
LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.			
LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.		55% de consecución	

1º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.			Realización de probas escritas
LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.			
LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.			

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	1. O latín, orixe das linguas romances	65% de consecución	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
			Emprego das TiCs Realización de probas escritas
LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	3. Morfoloxía	80% de consecución	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs Realización de probas escritas
LAB3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado.			
LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conjugación.			
LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.			
LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.			
LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	4. Sintaxe	80% de consecución	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs
LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.			
LAB4.3.1. Reconece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.			

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
			Realización de probas escritas
LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	5. Roma: historia, cultura e civilización	80% de consecución	Exposición oral na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas
LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	6. Textos	50% de consecución	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs Realización de probas escritas
LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.			
LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.			
LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	7. Léxico	55% de consecución	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas
LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.			
LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.			

3º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAB1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	1. O latín, orixe das linguas romances	65%	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas
LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	3. Morfoloxía	90%	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas
LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	4. Sintaxe	85%	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs Realización de probas escritas
LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.			
LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.			
LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízalas e tradúceas correctamente.			
LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	5. Roma: historia,	70%	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula

3º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	cultura e civilización		Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs Realización de probas escritas
LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.			
LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.			
LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	6. Textos	75%	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs Realización de probas escritas
LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.			
LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.			
LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.			
LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	7. Léxico	60%	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades proposta
LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregarlas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.			

3º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
			Realización de probas escritas

2.5. Concrecións metodolóxicas

Na materia Latín 4º ESO, como no resto de materias, a metodoloxía é un instrumento esencial para a consecución dos obxectivos marcados. É preciso, pois, considerar os seguintes principios metodolóxicos xerais que faciliten unha aprendizaxe significativa e o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

- O alumno debe ser protagonista da súa aprendizaxe; polo tanto o profesor actuará de guía e mediador nese proceso, axudando a que o alumno relacione os novos coñecementos cos seus previos. Para iso, propoñeranse ao alumnado actividades de aprendizaxe que lle permitirán exercitar e desenvolver progresivamente as súas capacidades e habilidades.
- A aprendizaxe debe ser funcional; neste sentido, é necesario presentar os contidos de Latín 4º ESO nun contexto non illado, senón articulado e en relación clara coa realidade cotiá e cos contidos doutras materias. Un aspecto importante, pois, é a interdisciplinaria, de modo que os coñecementos adquiridos sexan funcionais. Desta forma, o Latín 4º ESO posibilitará ao alumnado unha maior competencia lingüística na súa propia lingua, permitíndolle un acceso máis sinxelo a outras linguas modernas e, ademais, axudarlle a unha mellor análise da realidade histórica, social, política, cultural e científica.
- As actividades serán individuais e de grupo, xa que é conveniente que o alumno realice non só actividades individuais, senón tamén actividades en grupo que favorezan o intercambio de información, o contraste de puntos de vista e as actitudes de cooperación entre todos, procurando construír procesos de aprendizaxe cooperativa nos que o alumno desenvolva a súa autonomía e a súa capacidade de colaboración con outros. Con este obxectivo, programaranse actividades consistentes en sinxelos proxectos de busca, selección, procesamento e intercambio da información utilizando as tecnoloxías apropiadas.

No Latín 4º ESO necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre as grandes achegas da cultura clásica á nosa civilización. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área do Latín 4º ESO é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

En termos xerais, é necesaria unha metodoloxía de traballo variada coa finalidade de que sexa adaptable ás peculiaridades do alumnado e responda á súa diversidade, utilizando procedementos e recursos múltiples que susciten o interese dos alumnos e se adapten aos seus distintos ritmos de aprendizaxe. Consideramos que, de forma xeral, o proceso de ensino-aprendizaxe ha de realizarse mediante tarefas de diferentes tipos:

- * Tareas que conteñen actividades de introdución, motivación e coñecementos previos: Aquela que han de introducir o interese do alumno polo que respecta ao contido da unidade que se aborda. Son as que se realizan para poñer de relevo os coñecementos previos, coñecer as ideas, opinións, acertos ou erros dos alumnos sobre os contidos que se van desenvolver.
- * Tareas que conteñen actividades de desenvolvemento: as que permiten coñecer os conceptos, os procedementos ou as novas actitudes.
- * Tareas que conteñen actividades de síntese-resumo: Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- * Tareas que conteñen actividades de consolidación, recuperación e ampliación: As que permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos, así como aplicar as aprendizaxes. Son, por unha banda, todas as que se programan para os alumnos que non alcanzaron os coñecementos traballados; e por outra, as que permiten afondar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.

2.6. Materiais e recursos didácticos

Para esta materia neste curso que comeza o Departamento de Latín acordou sumarse a plataforma EVA E-Dixgal dentro da oferta asumida polo centro de continuidade e extensión da mesma ao último curso do 1º ciclo da ESO. O que supón manexar o material ofertado polo dita plataforma (só o da editorial EDEBÉ, polo de agora) e a creación de material propio.

Pero ademais o departamento conta coa posibilidade da Aula virtual do centro, plataformas educativas (wikisaber, linkedln, tiching, entre outras) o que supón o manexo

das ferramentas TICs, xunto con o feito de formar parte de asociacións culturais e de grupos en redes o que permite un gran intercambio de recursos e materiais.

2.7. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción

Os criterios de avaliación que se establecen dentro do marco lexislativo da LOMCE para a materia de Latín 4º ESO, quedan claramente especificados no DOGA do 29 de xuño, 2015, e son os seguintes:

BLOQUE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
1. O latín, orixe das linguas romances	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.
	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.
	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.
	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.
	B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.
2. Sistema da lingua latina: elementos básicos	B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.
	B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.
	B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.
3. Morfoloxía	B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.
	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.
	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.
	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría declinación, enuncialas e declinalas correctamente.

BLOQUE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
	B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.
	B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.
4. Sintaxe	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.
	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.
	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
	B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.
	B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.
5. Roma: historia, cultura e civilización	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.
	B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.
	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.
	B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.
	B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
	B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.
	B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.
6. Textos	B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.

BLOQUE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.
	B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.
	B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.
	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.
	B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.
7. Léxico	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.
	B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.
	B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.
	B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

Como pode claramente deducirse o apartado ao que hai que facer especial fincapé vai ser o da lingua e literaturas clásicas, si ben somos conscientes que este é o aspecto de maior dificultade para aqueles alumnos que presenten una dificultade no eido de acadar estes criterios para a promoción da materia, polo que se establecen como criterios mínimos de avaliación os que seguen:


CRITERIOS MÍNIMOS DE PROMOCIÓN	
1.	Localizar nun mapa a orixe da lingua latina e a súa extensión a través do tempo
2.	Realizar a árbore xenealóxica das linguas indoeuropeas
3.	Expresar graficamente as linguas faladas en España (romances e non romances)
4.	Distinguir palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos
5.	Indicar as fases da historia da escritura
6.	Ler coa maior corrección posible textos en latín
7.	Poder realizar cambios nas palabras variables latinas segundo dun modelo dado
8.	Comprender frases sinxelas latinas segundo dun modelo dado
9.	Poder situar nun eixe cronolóxico as principais etapas da historia de Roma e os seus feitos máis salientables
10.	Indicar os trazos máis característicos da sociedade romana

CRITERIOS MÍNIMOS DE PROMOCIÓN	
11.	Recoñecer algunha das características dos máis destacados elementos da mitoloxía
12.	Recoñecer algúns elementos das principais construcións romanas
13.	Identificar tipos de espectáculos
14.	Elaborar frases sinxelas segundo dun modelo dado
15.	Coñecer algunhas das locucións latinas máis usuais

Acadados estes criterios, o alumnos obterá, conforme establece o decreto, unha cualificación numérica, sen decimais, nunha escala de un a dez, que irá acompañada dos seguintes termos e nas correspondencias que a continuación se sinalan:


TERMO	CUALIFICACIÓN NUMÉRICA
Insuficiente (IN)	1, 2, 3 ou 4
Suficiente (Su)	5
Ben (B)	6
Notable (NT)	7 ou 8
Sobresaliente (SB)	9 ou 10

Esta cualificación vai ser a que se empregue en cada unha das avaliación que temos establecidas neste centro: 1ª, 2ª e 3ª Avaliación e Final. Para cada unha de elas establece o aprobado no Suficiente (Su) 5, que ha de conseguir da suma do progreso nas competencias, nos estándares de aprendizaxe e na realización de probas escritas, na ponderación 30% da cualificación final, como representamos no seguinte diagrama:



A ponderación de cada unha das avaliacións vai ser continua e progresiva, pois a mellora no facer do alumno vaise ter en conta.

Ponderación Avaliacións



O alumnado acadará o aprobado, e polo tanto promoción na materia, cando a cualificación final que acade sexa igual ou superior a Suficiente (Su) 5.

2.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Relación de indicadores que imos manexar de resposta binaria (si/non)

1.	Programación da materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2.	Programación da materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3.	Selección e secuenciación de forma progresiva dos contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4.	Programación de actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5.	Planificación das clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6.	Establecemento dos criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos.
7.	Coordinación co profesorado doutros departamentos con materias con contidos afíns a esta materia.
8.	Entrega dun plan de traballo ao principio de cada unidade e formulación de situacións que introduzan a unidade.

9.	Relación das aprendizaxes a aplicacións reais ou a súa funcionalidade.
10.	Informe sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
11.	Relación dos contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
12.	Estimulación a participación activa dos estudantes.
13.	Promoción á reflexión dos temas tratados.
14.	Resumo das ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema.
15.	Relación, na medida do posíbel, dos novos conceptos cos xa coñecidos.
16.	Aclaración de dúbidas e asesoramento continuo.
17.	Optimización do tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe.
18.	Utilización das TICs de todo tipo como metodoloxía de apoio.
19.	Promoción do traballo cooperativo mantendo unha comunicación fluída cos estudantes.
20.	Desenvolvemento dos contidos dunha forma ordenada e comprensible para o alumnado.

Relación de indicadores que imos manexar de resposta extendida

21.	Conclusións da información recadada de cada alumno sobre a utilidade da materia
22.	Indagación do grao de satisfacción do alumnado
23.	Aportacións da materia a nivel individual de cada alumno
24.	Autoreflexión sobre todos os aspectos, tanto do acadado como o do mellorable

2.9. Materias pendentes: actividades de seguimento, recuperación e avaliación

Nesta materia deste segundo ciclo da ESO, Latín 4, é imposible que se dea a circunstancia de alumnos con materias pendentes, pois ao seren un curso final de etapa educativa os alumnos titulan, inda que non acaden o aprobado en tódalas materias, pero ao titular xa non poden levar materias pendentes. De non titular os alumnos haberán de repetir o curso completo.

2.10. Elementos transversais

Tendo en conta os principios metodolóxicos que establece o Decreto da LOMCE (Artigo 11, Capítulo I, Título I) na materia de Latín 4º ESO se van traballar os seguintes elementos transversais:

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Comprensión lectora	Dedicarase un tempo a lectura na práctica docente, de maneira sistemática sobre mitos da antigüidade clásica, promovendo o uso da información
Expresión oral e escrita	Vai inherentemente ligado este elemento a elaboración das actividades de aula dentro das tarefas a desenrolar
Uso das TICs	Emprego de aula virtual, bloges, páxina web, editor de imaxes e vídeos e mesmo redes sociais
Educación cívica e social	O Latín é a lingua na que se redactaron as primeiras leis que coas que se organiza a vida da democracia, dos órganos colexiados e do nacemento da defensa dos dereitos humanos. A prevención de conflitos baséase na aplicación da xustiza, coa creacións das leis que regulan a convivencia.
Educación na igualdade	No estudo do latín está moi presente a non discriminación: loita dos dereitos das distintas clases sociais máis desfavorecidas
Espírito emprendedor	Fomentarase a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico
Educación e seguridade viaria	Que este xa era un aspecto importante na convivencia cidadá vexa no desenvolvemento do urbanismo romano coas súa linguaxe ideográfica

2.11. Avaliación inicial: deseño e medidas a adoptar

A nosa avaliación inicial non pode ir soamente encamiñada a detección do nivel de contidos previos que poida ter o alumnado; pois, sen dúbida, este dependerá da formación xeral que teña cada un dos seus membros, e, simplemente, cun test de cinco ítem por cada un dos bloques de contidos do curriculum da materia é máis que suficiente para constatar o grao inicial do que partir. Debemos ter en conta dun xeito moi salientable que, en principio e de partida, ningún alumno conta con formación nesta materia de Latín (salvo aqueles que cursaron Cultura Clásica en 3º de ESO, na que se ven uns rudimentos moi someros esta lingua), pois é a primeira vez que se enfronta a ela no curso da súa formación regulada.

Mais interesante é o segundo aspecto ao que pensamos que ten que ir encamiñada tamén dita avaliación inicial: desmontar falsos coñecementos que se creen clásicos e demostrar que se sabe máis cultura clásica do que se consciente.

A consecuencia da detección dos coñecementos previos en cada bloque, vai conseguir achegar máis facilmente a consecución dos obxectivos, a asimilación dos contidos e ase mesmo vai permitir deseñar tarefas de máis amplo percorrido.

A avaliación inicial vai volcar uns resultados no referido dunha maneira moi directa as competencias clave, que se reforzarán, tanto dun xeito individualizado, para que cada alumno evolucione na medida do que ten que ser afianzado ou reforzado e mesmo ampliado en cada un deles; pero tamén poderá extraerse unha conclusión globalizada do grupo, que vai motivar que nas actividades colectivas sexa o aspecto ou aspectos das competencias clave que resulten sen aflorar os que se reforcen.

2.12. Medidas de atención a diversidade

Neste apartado é imprescindible recadar toda a información previa que se poida obter de cada un dos alumnos, porque isto, xunto coa avaliación inicial, vains permitir descubrir que alumnado pode precisar de antemán un seguimento máis personalizado ou mesmo unha ubicación dentro da aula máis favorable a cada un deles. Tamén vains a axudar a diversificar as actividades de reforzo (nos seus diferentes grados: positivo ou intensificativo) e unha distribución diferente do tempo a empregar por parte do alumnado obxecto desta medidas de atención nos estándares de aprendizaxe e no modo e maneira de que leven a cabo tarefas con as actividades deseñadas para eles.

Farase unha revisión do material que aporte a editorial e se personalizará segundo da demanda do alumnado en cuestión. Para ilo solicitarase asesoramento por parte de equipo de orientación, por mor de adecuar as medidas a adoitar. En xeral pode adiantarse que no caso de necesidade dunha ACI, centrarse na redución da extensión dos estándares de aprendizaxe e nunha diminución do grado de consecución de todos aqueles nos que o alumno o precise.

II-Capítulo: Bacharelato

3- Latín I

3.1. Introducción e contextualización

Dentro do marco do decreto 86/2015 que establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Título II, Capítulo II (artigos 29 e 30), se determina que o Latín é unha materia troncal do itinerario de Humanidades da modalidade de Bacharelato de Humanidades e ciencias sociais cunha carga lectiva de catro horas semanais.

O Consello de Europa e o Foro Intergubernamental Europeo entre outras institucións recoñecen a importancia das linguas como instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Ademais achegan ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. Se recoñece así a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A finalidade da educación plurilingüe é retirar barreiras artificiais entre as linguas; alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, pero ademais estudia linguas estranxeiras. Co cal o estudo das linguas clásicas, o latín e o grego, a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día.

Na materia de Latín se estudia en profundidade os aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexon hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

O latín se contempla que sexa estudado comezando cun método natural, deducindo as regras morfosintácticas a partires da lectura e da tradución. Esta materia ten regulado o seu estudio en tres cursos (cuarto de ESO, primeiro e segundo de bacharelato) nos que, con lixeiros matices, se repiten os bloques nos que está organizada; bloques que se refiren tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, imprescindibles para o estudo da civilización romana e sen os cales non é posible apreciar a verdadeira dimensión do legado latino. O primeiro destes bloques, referente ao latín como orixe das linguas romances, é neste nivel haberá de comezarse coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, evolución, e etapas do latín e as linguas romances. Nos tres cursos si haberá que analizar o papel que desempeñou o latín na formación das linguas cooficiais da nosa Comunidade Autónoma, galego e castelán, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica; así como tamén o papel que o latín desempeñou nas demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, facendo o mesmo tipo de estudio nelas.

O bloque que aborda os elementos básicos da lingua latina, dende os sistemas de escritura ata a orixe e evolución do abecedario latino e a súa pronuncia, está só deseñado tanto para cuarto de ESO coma para primeiro de Bacharelato.

Os dous seguintes bloques, que tratan aspectos netamente lingüísticos, están presentes no tres cursos, pero é aquí neste onde se afonda na descrición e explicación ao alumnado no sistema de flexión, nas estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade; axeitándoos en cada un dos cursos que vai cursar no bacharelato, e sempre co propósito da comprensión e a interpretación dos textos.

O bloque dedicado ao estudo da civilización latina está presente tanto no cuarto curso de ESO coma no primeiro de bacharelato para iniciar e afianzar ao alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis relevantes e significativas da antigüidade romana (escultura, arquitectura e literatura).

Por último, o bloque dedicado ao estudo do léxico, presente nos tres cursos, haberá de prestar unha especial atención a etimoloxía e á composición e á derivación culta, mesmo iniciando neste curso a prefixos, lexemas e sufixos de orixe non só latina, senón tamén grega.

3.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencia clave	Contribucións
Comunicación lingüística (CCL)	
	Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e lecer. Comprensión do compoñente lingüístico das linguas propias e das linguas estranxeiras. Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social. Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades. Desenrolo de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación. Desenrolo da capacidade crítica ante o mensaxe e o seu contido. Facilidade para o aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nelas. Fomento da capacidade creativa lingüística. Melloría na comprensión e na emisión de mensaxes orais e escritos. Melloría na motivación do aprendizaxe a partir da mellora na comprensión e expresión lingüística. Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, polo de tanto, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual. Preparación para un mellor acceso ó coñecemento mediante la lectura de textos orixinais.
Competencia matemática competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	
	Desenrolo da capacidade crítica e análise razoado de problemas e situacións. Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos. Desenrolo de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan. Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidas. Desenrolo de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións. Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc. Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias. Desenrolo do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina. Promoción da investigación científica e achegamento ós métodos que lle son propios. Elaboración de xuízos críticos sobre o desenrolo científico e tecnolóxico ó longo da historia. Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías. Capacidade de transmisión axeitada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.
Competencia dixital (CD)	
	Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos. Fomento do traballo colaborativo.

	Busca de información mediante motores de busca. Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais. Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos. Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.). Acceso e contribución ó coñecemento de dominio (wiki). Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación mais axeitada en función do contido e o receptor da mensaxe.
Aprender a aprender (CAA)	
	Motivación por aprender. Organización e xestión do propio aprendizaxe. Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe. Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados. Capacidade de aprendizaxe en grupo.
Competencias sociais e cívicas (CSC)	
	Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais. Desenrolo de actitudes de respecto nas relacións sociais dende o coñecemento da súa diversidade histórica. Análise de situacións para a resolución de conflitos. Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade. Contribución á mellora das institucións dende o coñecemento da súa historia. Conciencia de participación na sociedade actual dende o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais. Desenrolo de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, dende o estudo da súa evolución histórica. Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais dende unha perspectiva histórica e cultural. Aprendizaxe crítico de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade. Respecto reflexivo e crítico ante as diferencias existentes entre diferentes sistemas de valores.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	
	Capacidade para pensar de forma creativa. Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos. Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.). Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas. Comunicación e presentación de proxectos. Capacidade de traballo individual e en grupo. Capacidade de autoevaluación. Desenrolo do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para acadar os obxectivos planificados polo alumno.
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	
	Coñecemento do legado cultural e artístico da Roma antiga. Aprecio e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas.

	Análise do legado cultural e artístico da Roma antiga como elemento fundamental da cultura europea. Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno. Desenrolo do interese polas manifestacións culturais e artísticas. Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas romanas e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ó longo da historia ata a cultura e o arte contemporáneo. Desenrolo de valores relativos á conservación do patrimonio e aprecio pola herdanza cultural e artística.
--	---

3.3. Concreción dos obxectivos

Dentro dos obxectivos que establece a LOMCE para o Bacharelato:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da

tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

A materia de Latín contribúe fundamentalmente:

- Pola formación dos alumnos no coñecemento das bases lingüísticas, históricas e culturais de la civilización occidental. Xunto co Grego, cuxa cultura Roma asimilou e transmitiu a toda Europa, o Latín constitúe un apoio insubstituíble ó aprendizaxe de tódalas linguas faladas en España (a excepción do eusquera) e moi especialmente ó galego.
- Por introduciren ó alumnado no coñecemento da lingua e a cultura latina, facendo fincapé ó mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental.

3.4. Estándares de aprendizaxe. Temporalización. procedementos e instrumentos. Grao mínimo de consecución.

En primeiro lugar imos precisar que tendo en conta que as avaliacións que temos fixadas neste centro son dúas máis a final, un total de tres; e tendo en conta, así mesmo, que no curriculum da materia que fixa a LOMCE os contidos veñen organizados en 7 bloques, pero que os dous últimos teñen que ser traballados durante máis da metade do curso estableceremos a súa temporalización como segue:

1º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAT1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	1. O latín, orixe das linguas romances	A lo menos sitúa xeográficamente 80% das linguas romances. A lo menos é quen de recoñecer 1/3 das palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos manexados	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs Realización de probas escritas
LAT1B1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.			
LAT1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.			
LAT1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e recoñece as súas características.			
LAT1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro.			
LAT1B1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos.			
LAT1B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais.			

1º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAT1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e reconece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.			
LAT1B2.1.1. Reconece tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que distinguen uns dos outros.	2. Sistema de lingua latina: elementos básicos	Aplicar cun 85% de corrección as normas básicas de pronuncia en latín clásico	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Emprego das TiCs Realización de probas orais
LAT1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego.			
LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e reconece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan.			
LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia.			
LAT1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	3. Morfoloxía	A lo menos saber encadrar o 90% das palabras na súa declinación, dos verbos na súa conjugación; saber identificar o 100% dos casos e o 85% das formas verbais persoais e non	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs Realización de probas orais e escritas
LAT1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.			
LAT1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conjugación			
LAT1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación.			

1º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAT1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.		persoais coa súa tradución.	
LAT1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.			
LAT1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.			
LAT1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.			
LAT1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un.			
LAT1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.			
LAT1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.			
LAT1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.			
LAT1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións	5. Roma: historia, cultura, arte e civilización	A lo menos sitúa o 50% das principais etapas da historia, cos acontecementos de	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas
LAT1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.			

1º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAT1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relaciónaos con outras circunstancias contemporáneas.		releve, nun eixe cronolóxico.	Emprego das TiCs Realización de probas orais e escritas
LAT1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información			

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAT1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración.	4. Sintase	Identifica o 100% dos principais usos sintácticos dos casos.	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs Realización de probas orais e escritas
LAT1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.		Distingue o 100% das oracións simples das compostas e dentro destas o 90% das	

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAT1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.		coordinadas e das subordinadas. Recoñece 80% das construcións mais sinxelas co infinitivo e participio	
LAT1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.			
LAT1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.			
LAT1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.			
LAT1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.			
LAT1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	6. Textos	Ser quen de realizar a lo menos o 50% da análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica das frases propostas.	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs
LAT1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.			

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAT1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.		Completa o 50% das frases en tradución inversa que se propoñen en primeira instancia de xeito íntegro.	Realización de probas orais e escritas
LAT1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.			
LAT1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.			
LAT1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.			
LAT1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.			
LAT1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.	7. Léxico	Identifica a lo menos o 50% das palabras mais transparentes e de maior frecuencia; así como as principais	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas
LAT1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.			

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAT1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.		locucións latinas estudadas, sabendo incluso empregar o 25% das mesmas	Emprego das TiCs Realización de probas orais e escritas
LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.			
LAT1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.			
LAT1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.			
LAT1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.			
LAT1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior.	5. Roma: historia, cultura e civilización	Identifica o 80% das fases da romanización de Hispania e Gallaecia. Sabe situar, a lo menos, o 60% dos principais vestixios arqueolóxicos. Comprende o 40% dos valores cívicos da	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs Realización de probas escritas
LAT1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases.			
LAT1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior.			

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAT1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos.		sociedade romana nos seus diferentes estratos.	
LAT1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.			
LAT1B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.			

3º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAT1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	6. Textos	Ser quen de realizar a lo menos o 50% da análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica dos textos propostos. Completa o 50% das mensaxes en tradución inversa que se propoñen en primeira instancia de xeito íntegro.	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs Realización de probas orais e escritas
LAT1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.			
LAT1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.			
LAT1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.			
LAT1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.			
LAT1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.			

3º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAT1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.			
LAT1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.	7. Léxico	Identifica a lo menos o 50% das palabras mais transparentes e de maior frecuencia; así como as principais locucións latinas estudadas, sabendo incluso empregar o 25% das mesmas	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs Realización de probas orais e escritas
LAT1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.			
LAT1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.			
LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.			
LAT1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.			
LAT1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.			
LAT1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregarlas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.			
LAT1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus	5. Roma: historia,	Identifica, reconece e explica o 55% das	Exposición oral na aula

3º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses.	cultura e civilización	figuras mitolóxicas estudadas. Explica o 55% dos cultos oficiais e privados así como dos ritos funerarios. Localiza e describe o 65% das manifestacións artísticas e arquitectónicas. Coñece o 40% da estrutura do exército romano ao longo da súa historia	Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Emprego das TiCs Realización de probas orais e escritas
LAT1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.			
LAT1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.			
LAT1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos.			
LAT1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.			

3º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LAT1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.			
LAT1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores			
LAT1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada.			
LAT1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos			

3.5. Concrecións metodolóxicas

Na materia Latín I, como no resto de materias, a metodoloxía é un instrumento esencial para a consecución dos obxectivos marcados. É preciso, pois, considerar os seguintes principios metodolóxicos xerais que faciliten unha aprendizaxe significativa tanto por o alumno mesmo como promovendo o traballo en equipo, aplicando métodos de investigación apropiados:

- O alumno debe ser protagonista da súa aprendizaxe; polo tanto o profesor actuará de guía e mediador nese proceso, axudando a que o alumno relacione os novos coñecementos cos seus previos. Para iso, propoñeranse ao alumnado actividades de aprendizaxe que lle permitirán exercitar e desenvolver progresivamente as súas capacidades e habilidades.
- A aprendizaxe debe ser funcional; neste sentido, é necesario presentar os contidos de Latín I nun contexto non illado, senón articulado e en relación clara coa realidade cotiá e cos contidos doutras materias. Un aspecto importante, pois, é a interdisciplinabilidade, de modo que os coñecementos adquiridos sexan funcionais. Desta forma, o Latín I posibilitará ao alumnado unha maior competencia lingüística na súa propia lingua, permitíndolle un acceso máis sinxelo a outras linguas modernas e, ademais, axudaralle a unha mellor análise da realidade histórica, social, política, cultural e científica.
- As actividades serán individuais e de grupo, xa que é conveniente que o alumno realice non só actividades individuais, senón tamén actividades en grupo que favorezan o intercambio de información, o contraste de puntos de vista e as actitudes de cooperación entre todos, procurando construír procesos de aprendizaxe cooperativa nos que o alumno desenvolva a súa autonomía e a súa capacidade de colaboración con outros. Con este obxectivo, programaranse actividades consistentes en sinxelos proxectos de busca, selección, procesamento e intercambio da información utilizando as tecnoloxías apropiadas.

No Latín I necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre as grandes achegas da cultura clásica á nosa civilización. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do

adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área do Latín I é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

En termos xerais, é necesaria unha metodoloxía de traballo variada coa finalidade de que sexa adaptable ás peculiaridades do alumnado e responda á súa diversidade, utilizando procedementos e recursos múltiples que susciten o interese dos alumnos e se adapten aos seus distintos ritmos de aprendizaxe. Consideramos que, de forma xeral, o proceso de ensino-aprendizaxe ha de realizarse mediante tarefas de diferentes tipos:

- * Tarefas que conteñen actividades de introdución, motivación e coñecementos previos: Aquela que han de introducir o interese do alumno polo que respecta ao contido da unidade que se aborda. Son as que se realizan para poñer de relevo os coñecementos previos, coñecer as ideas, opinións, acertos ou erros dos alumnos sobre os contidos que se van desenvolver.
- * Tarefas que conteñen actividades de desenvolvemento: as que permiten coñecer os conceptos, os procedementos ou as novas actitudes.
- * Tarefas que conteñen actividades de síntese-resumo: Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- * Tarefas que conteñen actividades de consolidación, recuperación e ampliación: As que permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos, así como aplicar as aprendizaxes. Son, por unha banda, todas as que se programan para os alumnos que non alcanzaron os coñecementos traballados; e por outra, as que permiten afondar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.

3.6. Materiais e recursos didácticos

Para esta materia neste curso que comeza mantemos o libro de texto da Editorial Casals, Latín Bachillerato, que xa está pensado para os dous cursos de contidos progresivos, e que ofrece ademais un espazo web onde se atopará o libro dixital,

actividades interactivas e a plataforma educativa de acceso en liña con tarefas, banco recursos, etc.

Pero ademais o departamento conta coa posibilidade da Aula virtual do centro, plataformas educativas (wikisaber, linkedln, tiching, entre outras) o que supón o manexo das ferramentas TICs. Solicitarase poder impartir algunha hora na aula de informática.

Salientar que o departamento ten a súa xefa formando parte da plataforma e-Twinning, dentro da que pretende que o alumnado poida participar nalgunha actividade, ben dentro dos proxectos que se desenrolen no centro (e nos que poidamos participar) ou ben en colaboración con outros centros europeos nos que poidamos ser admitidos como socios (estamos a traballar nesta cuestión)

3.7. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción

Os criterios de avaliación que se establecen dentro do marco legislativo da LOMCE para a materia de Latín I, quedan claramente especificados no DOGA do 29 de xuño, 2015, e son os seguintes:

BLOQUE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
1. O latín, orixe das linguas romances	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.
	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.
	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.
	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características.
	B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos.
2. Sistema de lingua latina: elementos básicos	B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.
	B2.2. Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto da época clásica.
	B2.3. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas.

BLOQUE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
	B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos.
3. Morfoloxía	B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.
	B3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado.
	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.
	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.
	B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.
	B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva.
	B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha.
	B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais.
4. Sintaxe	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.
	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.
	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
	B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas.
	B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio.
	B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.
5. Roma: historia, cultura, arte e civilización	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.
	B5.2. Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos.
	B5.3. Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos.
	B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.
	B5.5. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

BLOQUE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
	B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
	B5.7. Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios.
	B5.8. Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes.
	B5.9. Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa.
	B5.10. Describir a estrutura e o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución.
6. Textos	B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.
	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.
	B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.
	B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.
	B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.
7. Léxico	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.
	B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.
	B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances.
	B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.
	B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

Como pode claramente deducirse os apartados ó que hai que facer especial fincapé van ser o do morfoloxía, léxico e textos, si ben somos conscientes que estes son os aspectos de maior dificultade para aqueles alumnos que presenten una dificultade no eido de acadar estes criterios para a promoción da materia, polo que se establecen como criterios mínimos de avaliación os que seguen:


CRITERIOS MÍNIMOS DE PROMOCIÓN	
1.	Localizar nun mapa o marco de expansión da lingualatina
2.	Situar xeograficamente os principais restos arqueolóxicos
3.	Concepto de indoeuropeo e familias lingüísticas ás que da lugar
4.	Linguas romances e non romances de España
5.	Distinguir palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Saber empregalos na propia linguaxe.
6.	Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.
7.	Orixes da escritura. Sistemas de escritura.
8.	Orixe e evolución do alfabeto latino.
9.	Tipos de palabras: variables e invariables.
10.	Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.
11.	Flexión verbal.
12.	Elementos da oración; casos, concordancia. Sintaxe: oracións simples e compostas
13.	Subordinación: infinitivo e participio. O subxuntivo.
14.	Historia de Roma da orixe lexendaria ao Imperio. Romanización de Hispania e da Gallaecia.
15.	Organización política e social de Roma.
16.	Mitoloxía e relixión. Deuses e sacerdotes. O culto privado. Ritos funerarios.
17.	Obras públicas e urbanismo. A cidade e a vivenda.
18.	Iniciación ás técnicas de tradución. Traducción de textos adaptados.
19.	Produción de pequenos textos en lingua latina
20.	Locucións latinas de uso actual.

Acadados estes criterios, o alumnos obterá, conforme establece o decreto, unha cualificación numérica, sen decimais, nunha escala de un a dez, que irá acompañada dos seguintes termos e nas correspondencias que a continuación se detallan:

TERMO	CUALIFICACIÓN NUMÉRICA
Insuficiente (IN)	1, 2, 3 ou 4
Suficiente (Su)	5
Ben (B)	6
Notable (NT)	7 ou 8


Sobresaliente (SB)	9 ou 10
--------------------	---------

Esta cualificación vai ser a que se empregue en cada unha das avaliación que temos establecidas neste centro: 1ª, 2ª e 3ª Avaliación e Final. Para cada unha de elas establece o aprobado no Suficiente (Su) 5, que ha de conseguir da suma do progreso nas competencias, nos estándares de aprendizaxe e na realización de probas escritas, na ponderación 30% da cualificación final, como representamos no seguinte diagrama:



A ponderación de cada unha das avaliacións vai ser continua e progresiva, pois a mellora no facer do alumno vaise ter en conta.

Ponderación Avaliación



O alumnado acadará o aprobado, e polo tanto promoción na materia, cando a cualificación final que acade sexa igual ou superior a Suficiente (Su) 5.

3.1. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Relación de indicadores que imos manexar de resposta binaria (si/non)

1.	Programación da materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2.	Programación da materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3.	Selección e secuenciación de forma progresiva dos contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4.	Programación de actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5.	Planificación das clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6.	Establecemento dos criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos.
7.	Coordinación co profesorado doutros departamentos con materias con contidos afíns a esta materia.
8.	Entrega dun plan de traballo ao principio de cada unidade e formulación de situacións que introduzan a unidade.

	Relación das aprendizaxes a aplicacións reais ou a súa funcionalidade.
10.	Informe sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
11.	Relación dos contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
12.	Estimulación a participación activa dos estudantes.
13.	Promoción á reflexión dos temas tratados.
14.	Resumo das ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema.
15.	Relación, na medida do posíbel, dos novos conceptos cos xa coñecidos.
16.	Aclaración de dúbidas e asesoramento continuo.
17.	Optimización do tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe.
18.	Utilización das TICs de todo tipo como metodoloxía de apoio.
19.	Promoción do traballo cooperativo mantendo unha comunicación fluída cos estudantes.
20.	Desenvolvemento dos contidos dunha forma ordenada e comprensible para o alumnado.

Relación de indicadores que imos manexar de resposta estendida

21.	Conclusións da información recadada de cada alumno sobre a utilidade da materia
22.	Indagación do grao de satisfacción do alumnado
23.	Aportacións da materia a nivel individual de cada alumno
24.	Autoreflexión sobre todos os aspectos, tanto do acadado como o do mellorable

3.9. Materias pendentes: actividades de seguimento, recuperación e avaliación

Nesta materia Latín I é imposible que se dea a circunstancia de alumnos coa materia pendente, pois é o primeiro curso da etapa educativa do bacharelato, ao que o alumnado accede previa titulación na etapa inmediatamente anterior da ESO.

3.10. Elementos transversais

Tendo en conta os principios metodolóxicos que establece o Decreto da LOMCE (Artigo 11, Capítulo I, Título I) na materia de Latín I se van traballar os seguintes elementos transversais:

ELEMENTOS TRANSVERSAIS	
Comprensión lectora	Dedicarase un tempo a lectura na práctica docente, de maneira sistemática sobre mitos da antigüidade clásica, promovendo o uso da información

ELEMENTOS TRANSVERSAIS	
Expresión oral e escrita	Vai inherentemente ligado este elemento a elaboración das actividades de aula dentro das tarefas a desenrolar
Uso das TICs	Emprego de aula virtual, bloges, páxina web, editor de imaxes e videos e mesmo redes sociais
Educación cívica e social	O Latín é a lingua na que se redactaron as primeiras leis que coas que se organiza a vida da democracia, dos órganos colexiados e do nacemento da defensa dos dereitos humanos. A prevención de conflitos baséase na aplicación da xustiza, coa creacións das leis que regulan a convivencia.
Educación na igualdade	No estudo do latín está moi presente a non discriminación: loita dos dereitos das distintas clases sociais máis desfavorecidas
Espírito emprendedor	Fomentarase a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico
Educación e seguridade viaria	Que este xa era un aspecto importante na convivencia cidadá vexa no desenrolo do urbanismo romano coas súa linguaxe ideográfica

3.11. Avaliación inicial: deseño e medidas a adoptar

A nosa avaliación inicial non pode ir soamente encamiñada a detección do nivel de contidos previos que poida ter o alumnado; pois, sen dúbida, este dependerá da formación xeral que teña cada un dos seus membros, pero sobre todo imos ter que ter en conta, que o alumnado pode presentar un perfil académico moi distinto; isto é, pode haber alumnado que cursara Cultura Clásica en 3º de ESO ou en 4º de ESO, ou en ningún dos dous cursos. Así mesmo poderá haber alumnos que non cursaran Cultura Clásica en 3º de ESO ou en 4º de ESO, pero si, Latín en 4º; e mesmo que teña cursado ambas las dúas materias.

Pese a todo o exposto o Latín I, inda que se concibe como unha parte do bloque Latín na LOMCE, vai comezar o seu percorrido practicamente dende o nivel cero, polo que o alumnado que presente coñecementos adquiridos na ESO, nun primeiro momento notará unha maior axilidade, que non debe proporcionarlle unha falsa sensación de dominio da materia; pola contra, a falla de coñecementos previos non adquiridos no 4º curso da ESO, non pode obrigal ao alumnado a facer un esforzo adicional. A avaliación inicial marcarannos, de seren o caso, si se pode comezar dende un chanzo mais, en caso de ter todo o alumnado Latín en 4º de ESO

3.12. Medidas de atención a diversidade

Neste apartado é imprescindible recadar toda a información previa que se poida obter de cada un dos alumnos, porque isto, xunto coa avaliación inicial, vainos permitir descubrir que alumnado pode precisar de antemán un seguimento máis personalizado ou mesmo unha ubicación dentro da aula máis favorable a cada un deles. Tamén vainos a axudar a diversificar as actividades de reforzo (nos seus diferentes grados: positivo ou intensificativo) e unha distribución diferente do tempo a empregar por parte do alumnado obxecto desta medidas de atención nos estándares de aprendizaxe e no modo e maneira de que leven a cabo tarefas con as actividades deseñadas para eles.

Farase unha revisión do material que aporte a editorial e se personalizará segundo da demanda do alumnado en cuestión. Para ilo solicitarase asesoramento por parte de equipo de orientación, por mor de adecuar as medidas a adoitar. En xeral pode adiantarse que a diversidade pode requirir centrarse na redución da extensión dos estándares de aprendizaxe e nunha diminución do grado de consecución de todos aqueles nos que o alumno o precise; pero de igual xeito, pode supor o ter que proporcionarlle ó alumno un afondamento e ampliación na medida e a medida que vaia reclamando.

4. Latín II

4.1. Introducción e contextualización

Dentro do marco do decreto 86/2015 que establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Título II, Capítulo II (artigos 29 e 30), se determina que o Latín é unha materia troncal do itinerario de Humanidades da modalidade de Bacharelato de Humanidades e ciencias sociais cunha carga lectiva de catro horas semanais.

O Consello de Europa e o Foro Intergubernamental Europeo entre outras institucións recoñecen a importancia das linguas como instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Ademais achegan ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. Se recoñece así a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A finalidade da educación plurilingüe é retirar barreiras artificiais entre as linguas; alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, pero ademais estudia linguas estranxeiras. Co cal o estudo das linguas clásicas, o latín e o grego, a nivel fonético, morfosintáctico e léxico

proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día.

Na materia de Latín se estudia en profundidade os aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

O latín se contempla que sexa estudado comezando cun método natural, deducindo as regras morfosintácticas a partires da lectura e da tradución. Esta materia ten regulado o seu estudio en tres cursos (cuarto de ESO, primeiro e segundo de bacharelato) nos que, con lixeiros matices, se repiten os bloques nos que está organizada; bloques que se refiren tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, imprescindibles para o estudo da civilización romana e sen os cales non é posible apreciar a verdadeira dimensión do legado latino. O primeiro destes bloques, referente ao latín como orixe das linguas romances, é neste nivel haberá de comezarse coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, evolución, e etapas do latín e as linguas romances. Nos tres cursos si haberá que analizar o papel que desempeñou o latín na formación das linguas cooficiais da nosa Comunidade Autónoma, galego e castelán, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica; así como tamén o papel que o latín desempeñou nas demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, facendo o mesmo tipo de estudio nelas.

O bloque que aborda os elementos básicos da lingua latina, dende os sistemas de escritura ata a orixe e evolución do abecedario latino e a súa pronuncia, está só deseñado tanto para cuarto de ESO coma para primeiro de Bacharelato.

Os dous seguintes bloques, que tratan aspectos netamente lingüísticos, están presentes no tres cursos, pero é aquí neste onde se afonda na descrición e explicación ao alumnado no sistema de flexión, nas estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade; axeitándoos en cada un dos cursos que vai cursar no bacharelato, e sempre co propósito da comprensión e a interpretación dos textos.

Inda que se ten pretendido que o alumnado xa estea iniciado tanto en 4º de ESO como en Latín I no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana (artes plásticas, especialmente escultura e arquitectura, e tamén nas literarias), é neste segundo curso do bacharelato onde se busca un estudo máis en profundidade das literarias, pois Latín II conta cun bloque específico para a literatura latina, xa que un mellor coñecemento da lingua lle permitirá ao alumnado entrar en contacto directo con algúns fragmentos das obras orixinais.

Por último, o bloque dedicado ao estudo do léxico, presente nos tres cursos, haberá de prestar unha especial atención a etimoloxía e á composición e á derivación culta, mesmo iniciando neste curso a prefixos, lexemas e sufixos de orixe non só latina, senón tamén grega.

4.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencia clave		Contribucións
Comunicación lingüística (CCL)		
		Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e lecer. Comprensión do compoñente lingüístico das linguas propias e das linguas estranxeiras. Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social. Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades. Desenrolo de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación. Desenrolo da capacidade crítica ante o mensaxe e o seu contido. Facilidade para o aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nelas. Fomento da capacidade creativa lingüística. Melloría na comprensión e na emisión de mensaxes orais e escritos. Melloría na motivación do aprendizaxe a partir da mellora na comprensión e expresión lingüística. Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, polo de tanto, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual. Preparación para un mellor acceso ó coñecemento mediante la lectura de textos orixinais.

Competencia matemática competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	
	Desenrolo da capacidade crítica e análise razoado de problemas e situacións. Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos. Desenrolo de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan. Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidas. Desenrolo de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións. Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc. Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias. Desenrolo do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina. Promoción da investigación científica e achegamento ós métodos que lle son propios. Elaboración de xuízos críticos sobre o desenrolo científico e tecnolóxico ó longo da historia. Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías. Capacidade de transmisión axeitada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.
Competencia dixital (CD)	
	Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos. Fomento do traballo colaborativo. Busca de información mediante motores de busca. Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais. Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos. Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.). Acceso e contribución ó coñecemento de dominio (wiki). Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación mais axeitada en función do contido e o receptor da mensaxe.
Aprender a aprender (CAA)	
	Motivación por aprender. Organización e xestión do propio aprendizaxe. Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe. Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados. Capacidade de aprendizaxe en grupo.
Competencias sociais e cívicas (CSC)	

	Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais. Desenrolo de actitudes de respecto nas relacións sociais dende o coñecemento da súa diversidade histórica. Análise de situacións para a resolución de conflitos. Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade. Contribución á mellora das institucións dende o coñecemento da súa historia. Conciencia de participación na sociedade actual dende o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais. Desenrolo de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, dende o estudo da súa evolución histórica. Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais dende unha perspectiva histórica e cultural. Aprendizaxe crítico de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade. Respecto reflexivo e crítico ante as diferencias existentes entre diferentes sistemas de valores.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	
	Capacidade para pensar de forma creativa. Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos. Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.). Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas. Comunicación e presentación de proxectos. Capacidade de traballo individual e en grupo. Capacidade de autoevaluación. Desenrolo do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para acadar os obxectivos planificados polo alumno.
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	
	Coñecemento do legado cultural e artístico da Roma antiga. Aprecio e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas. Análise do legado cultural e artístico da Roma antiga como elemento fundamental da cultura europea. Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno. Desenrolo do interés polas manifestacións culturais e artísticas. Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas romanas e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ó longo da historia ata a cultura e o arte contemporáneo. Desenrolo de valores relativos á conservación do patrimonio e aprecio pola herdanza cultural e artística.

4.3. Concreción dos obxectivos

Dentro dos obxectivos que establece a LOMCE para o Bacharelato:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

A materia de Latín contribúe fundamentalmente:

- Pola formación dos alumnos no coñecemento das bases lingüísticas, históricas e culturais de la civilización occidental. Xunto co Grego, cuxa cultura Roma asimilou e transmitiu a toda Europa, o Latín constitúe un apoio insubstituíble ó aprendizaxe de tódalas linguas faladas en España (a excepción do eusquera) e moi especialmente ó galego.
- Por introduciren ó alumnado no coñecemento da lingua e a cultura latina, facendo fincapé ó mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental.

4.4. Estándares de aprendizaxe. Temporalización. Procedementos e instrumentos. Grao mínimo de consecución

En primeiro lugar imos precisar que tendo en conta que as avaliacións que temos fixadas neste centro son dúas máis a final, un total de tres; e tendo en conta, así mesmo, que no curriculum da materia que fixa a LOMCE os contidos veñen organizados en 7 bloques, pero que os dous últimos teñen que ser traballados durante máis da metade do curso estableceremos a súa temporalización como segue:

1º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.	1. O latín, orixe das linguas romances	A lo menos distingue o 50% de patrimoniais, cultismos e semicultismos e realiza o 25% das evolucións fonéticas	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas
LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.			
LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.	2. Morfoloxía	O 85% de cada un dos estándares deste bloque	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas
LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.			
LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.			
LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.			
LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.			

1º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán	4. Literatura latina	Nomea o 70% dos aspectos da transmisión, describe o 90% das características dos xéneros e sitúa o 60% nos eixes cronolóxicos	
LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.			
LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.			
LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.	4. Literatura latina	Nomea o 70% dos aspectos da transmisión, describe o 90% das características dos xéneros e sitúa o 60% nos eixes cronolóxicos	
LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.			

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos.	1. O latín, orixe das linguas romances	70% de acerto na explicación do proceso de evolución dos termos	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
			Resolución de actividades propostas
LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.	3. Sintaxe	75% de acerto na análise e na clasificación de oracións	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas
LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.			
LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	4. Literatura latina	Acadando o 55% de éxito na identificación de autores, épocas, xéneros e textos.	Exposición oral na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas
LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.			
LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.			
LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	6. Léxico	65% de termos correctos e 75 % de expresión empregadas correctamente.	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas
LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.			

2º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.			Realización de probas escritas
LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.			

3º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.	3. Sintaxe	80% de coordinación e subordinación identificada correctamente	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas
LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e reconece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.			
LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.			

3º TRIMESTRE			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.	4. Literatura latina	45% de éxito no recoñecemento da influencia da tradición grecolatina	Exposición oral na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas
LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.	5. Textos	85% de adecuación na análise dos textos	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas Realización de probas escritas
LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.			
LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.			
LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.			
LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	6. Léxico	85% na adecuación do uso dos helenismos e latinismos	Exposición oral na aula Resolución de actividades propostas
LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.			

4.5. Concrecións metodolóxicas

Na materia Latín II, como no resto de materias, a metodoloxía é un instrumento esencial para a consecución dos obxectivos marcados. É preciso, pois, considerar os seguintes principios metodolóxicos xenerais que faciliten unha aprendizaxe significativa tanto por o alumno mesmo como promovendo o traballo en equipo, aplicando métodos de investigación apropiados:

- O alumno debe ser protagonista da súa aprendizaxe; polo tanto o profesor actuará de guía e mediador nese proceso, axudando a que o alumno relacione os novos coñecementos cos seus previos. Para iso, propoñeranse ao alumnado actividades de aprendizaxe que lle permitirán exercitar e desenvolver progresivamente as súas capacidades e habilidades.
- A aprendizaxe debe ser funcional; neste sentido, é necesario presentar os contidos de Latín II nun contexto non illado, senón articulado e en relación clara coa realidade cotiá e cos contidos doutras materias. Un aspecto importante, pois, é a interdisciplinaria, de modo que os coñecementos adquiridos sexan funcionais. Desta forma, o Latín II posibilitará ao alumnado unha maior competencia lingüística na súa propia lingua, permitíndolle un acceso máis sinxelo a outras linguas modernas e, ademais, axudaralle a unha mellor análise da realidade histórica, social, política, cultural e científica.
- As actividades serán individuais e de grupo, xa que é conveniente que o alumno realice non só actividades individuais, senón tamén actividades en grupo que favorezan o intercambio de información, o contraste de puntos de vista e as actitudes de cooperación entre todos, procurando construír procesos de aprendizaxe cooperativa nos que o alumno desenvolva a súa autonomía e a súa capacidade de colaboración con outros. A análise e tradución dos textos é unha das actividades nas que mellor se pode por en práctica este intercambio de, non só información, senón e sobre todo de dedución lóxica, trala aplicación dos coñecementos adquiridos. A tradución ademais sempre propicia a busca, selección, procesamento e intercambio da información utilizando as tecnoloxías apropiadas.

No Latín II o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre as grandes achegas da cultura clásica á nosa civilización. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual, que sempre fará máis atractivo o traballo.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

En termos xerais, é necesaria unha metodoloxía de traballo variada coa finalidade de que sexa adaptable ás peculiaridades do alumnado e responda á súa diversidade, utilizando procedementos e recursos múltiples que susciten o interese dos alumnos e se adapten aos seus distintos ritmos de aprendizaxe. Consideramos que, de forma xeral, o proceso de ensino-aprendizaxe ha de realizarse mediante tarefas de diferentes tipos:

- * Tarefas que conteñen actividades de introdución, motivación e coñecementos previos: Aquela que han de introducir o interese do alumno polo que respecta ao contido da unidade que se aborda. Son as que se realizan para poñer de relevo os coñecementos previos, coñecer as ideas, opinións, acertos ou erros dos alumnos sobre os contidos que se van desenvolver.
- * Tarefas que conteñen actividades de desenvolvemento: as que permiten coñecer os conceptos, os procedementos ou as novas actitudes.
- * Tarefas que conteñen actividades de síntese-resumo: Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- * Tarefas que conteñen actividades de consolidación, recuperación e ampliación: As que permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos, así como aplicar as aprendizaxes. Son, por unha banda, todas as que se programan para os alumnos que non alcanzaron os coñecementos traballados; e por outra, as que permiten afondar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.

4.6. Materiais e recursos didácticos

Para esta materia neste curso que comeza sinalamos un libro de texto da Editorial Casals, Latín 2º Bachillerato, por ofrecer ademais un espazo web onde se atopará o libro dixital, actividades interactivas e a plataforma educativa de acceso en liña con tarefas, banco recursos, etc.

Neste nivel estamos a espera das indicacións concretas a seguir, que parece que van ser ditadas pola Comisión interuniversitaria de Galicia, encamiñadas sobre todo a la realización da chamada reválida final de Bacharelato, e que parece que vai determinar a forma de acceso ao sistema universitario tanto galego como español e mesmo europeo

Pero ademais o departamento conta coa posibilidade da Aula virtual do centro, plataformas educativas (wikisaber, linkedIn, tiching, entre outras) o que supón o manexo das ferramentas TICs. Solicitarase poder impartir algunha hora na aula de informática.

Salientar que o departamento ten a súa xefa formando parte da plataforma e-Twinning, e pretendemos ofrecer ao alumnado a posibilidade de cooperar con alumnado doutros centros europeos, se conseguimos participar nalgún proxecto, o que estamos a intentar.

4.7. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción

Os criterios de avaliación que se establecen dentro do marco lexislativo da LOMCE para a materia de Latín II, quedan claramente especificados no DOGA do 29 de xuño, 2015, e son os seguintes:

BLOQUE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
1. O latín, orixe das linguas romances	B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
	B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.
2. Morfoloxía	B2.1. Coñecer as categorías gramaticais.
	B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.
	B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.
	B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais.
	B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.
3. Sintaxe	B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.
	B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.
	B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.
	B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.
	B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.
4. Literatura latina	B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución.
	B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.

BLOQUE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
	B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental.
	B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite.
	B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.
5. Textos	B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.
	B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.
	B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.
	B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.
	B5.5. Identificar as características formais dos textos.
6. Léxico	B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.
	B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.
	B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.
	B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.

Como pode claramente deducirse os apartados ó que hai que facer especial fincapé van ser o do morfoloxía, léxico e textos, si ben somos conscientes que estes son os aspectos de maior dificultade para aqueles alumnos que presenten una dificultade no eido de acadar estes criterios para a promoción da materia, polo que se establecen como criterios mínimos de avaliación os que seguen:


CRITERIOS MÍNIMOS	
1.	Identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos
2.	Aplicar as regras da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.
3.	Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas

CRITERIOS MÍNIMOS	
4.	Conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais
5.	Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións simples e compostas, coordinadas e subordinadas.
6.	Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina nos diferentes períodos históricos, describindo os seus soportes de escritura
7.	Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.
8.	Realizar a análise sintáctica da estrutura dun fragmento dun texto latino.
9.	Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.
10.	Utilizar o dicionario
11.	Recoñecer os prefixos latinos nas palabras compostas e indicar a significación que lle aportan.
12.	Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.
13.	Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.
14.	Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.


Acadados estes criterios, o alumnos obterá, conforme establece o decreto, unha cualificación numérica, sen decimais, nunha escala de un a dez, que irá acompañada dos seguintes termos e nas correspondencias que a continuación de detaian:

TERMO	CUALIFICACIÓN NUMÉRICA
Insuficiente (IN)	1, 2, 3 ou 4
Suficiente (Su)	5
Ben (B)	6
Notable (NT)	7 ou 8
Sobresaliente (SB)	9 ou 10

Esta cualificación vai ser a que se empregue en cada unha das avaliación que temos establecidas neste centro: 1ª, 2ª e 3ª Avaliación e Final. Para cada unha de elas establece o aprobado no Suficiente (Su) 5, que ha de conseguir da suma do progreso nas competencias, nos estándares de aprendizaxe e na realización de probas escritas, na ponderación 30% da cualificación final, como representamos no seguinte diagrama:



A ponderación de cada unha das avaliacións vai ser continua e progresiva, pois a mellora no facer do alumno vaise ter en conta.



O alumnado acadará o aprobado, e polo tanto promoción na materia, cando a cualificación final que acade sexa igual ou superior a Suficiente (Su) 5.

4.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Relación de indicadores que imos manexar de resposta binaria (si/non)

1.	Programación da materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2.	Programación da materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3.	Selección e secuenciación de forma progresiva dos contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4.	Programación de actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5.	Planificación das clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6.	Establecemento dos criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos.
7.	Coordinación co profesorado doutros departamentos con materias con contidos afíns a esta materia.
8.	Entrega dun plan de traballo ao principio de cada unidade e formulación de situacións que introduzan a unidade.
9.	Relación das aprendizaxes a aplicacións reais ou a súa funcionalidade.
10.	Informe sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
11.	Relación dos contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
12.	Estimulación a participación activa dos estudantes.
13.	Promoción á reflexión dos temas tratados.
14.	Resumo das ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema.
15.	Relación, na medida do posíbel, dos novos conceptos cos xa coñecidos.
16.	Aclaración de dúbidas e asesoramento continuo.
17.	Optimización do tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe.
18.	Utilización das TICs de todo tipo como metodoloxía de apoio.
19.	Promoción do traballo cooperativo mantendo unha comunicación fluída cos estudantes.
20.	Desenvolvemento dos contidos dunha forma ordenada e comprensible para o alumnado.

Relación de indicadores que imos manexar de resposta estendida

21.	Conclusións da información recadada de cada alumno sobre a utilidade da materia
22.	Indagación do grao de satisfacción do alumnado
23.	Aportacións da materia a nivel individual de cada alumno
24.	Autoreflexión sobre todos os aspectos, tanto do acadado como o do mellorable

4.9. Materias pendientes: actividades de seguimiento, recuperación e avaliación

No caso de existir alumnado con a materia de Latín I pendente, xa sexa por non ter acadado o mínimo exigible para tela superada, xa sexa por cambio de modalidade de bacharelato ou de vía (mudar a de Humanidades) e, nestes últimos supostos, de non por matricularse na materia Latín I de primeiro de Bacharelato, van seguir un programa de traballo específico simultáneo ó desenrolo da propia materia de Latín II; en especial durante a primeira metade do curso.

O que quere dicir que durante o repaso dos contidos mínimos de Latín I que, como queda reflectido nesta programación, ven estipulado polo Decreto 86/2015, se vai efectuando ó longo dos bloques de contidos presentes nos tres cursos nos que está organizado o curriculum da materia Latín, se prestará unha maior atención a este alumnado, ó que se lle proporcionará material de reforzo e mesmo ampliación, en caso de precisala.

O seguimento farase fundamentalmente na aula, pola observación do traballo desenvolvido e pola resolución de cuestións propostas así como pola realización de probas orais e mesmo actividades por escrito. Neste último senso, se lles fará entrega a todo o alumnado coa materia pendente dun boletín cunha periodicidade bimensual, cuxas dúbidas serán atendidas e resoltas na aula e nos períodos de atención a pendentes que o alumnado considere necesario

A avaliación vai ser realizada nas mesmas probas de avaliación do curso de segundo de bacharelato, pero de seren preciso se fará algunha proba fóra do horario lectivo. E esta avaliación terá en conta todos os aspectos anteriormente reflexados na forma de seguimento do traballo individual do alumno:

AVALIACIÓN PENDENTE	MATERIA	GAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
RESOLUCIÓN DE ACTIVIDADES NA AULA		25%
BOLETÍN DE EJERCICIOS		25%
PROBAS ORAIS		25%
PROBAS ESCRITAS		25%

A avaliación realizarase a partir destes criterios de avaliación

CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN	
1.	Identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos

CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN	
2.	Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas
3.	Conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais
4.	Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións simples e compostas, coordinadas e subordinadas.
5.	Coñecer as principais fases da historia de roma
6.	Identificar as principais manifestacións culturais latinas: artísticas e da vida cotidiá
7.	Realizar a tradución de textos latinos.
8.	Utilizar o dicionario
9.	Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

De todos os xeitos, o alumnado que acade o aprobado no Latín II, terá sempre a consideración de ter superado os mínimos do Latín I

4.10. Elementos transversais

Tendo en conta os principios metodolóxicos que establece o Decreto da LOMCE (Artigo 11, Capítulo I, Título I) na materia de Latín II se van traballar os seguintes elementos transversais:

ELEMENTOS TRANSVERSAIS	
Comprensión lectora	Dedicarase un tempo a lectura na práctica docente, de maneira sistemática sobre mitos da antigüidade clásica, promovendo o uso da información
Expresión oral e escrita	Vai inherentemente ligado este elemento a elaboración das actividades de aula dentro das tarefas a desenrolar
Uso das TICs	Emprego de aula virtual, bloges, páxina web, editor de imaxes e vídeos e mesmo redes sociais
Educación cívica e social	O Latín é a lingua na que se redactaron as primeiras leis que coas que se organiza a vida da democracia, dos órganos colexiados e do nacemento da defensa dos dereitos humanos. A prevención de conflitos baséase na aplicación da xustiza, coa creacións das leis que regulan a convivencia.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS	
Educación na igualdade	No estudo do latín está moi presente a non discriminación: loita dos dereitos das distintas clases sociais máis desfavorecidas
Espírito emprendedor	Fomentarase a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico
Educación e seguridade viaria	Que este xa era un aspecto importante na convivencia cidadá vexa no desenrolo do urbanismo romano coas súa linguaxe ideográfica

4.11. Procedementos para a acreditación dos coñecementos necesarios

Como pode constatarase no epígrafe 4.9 deste mesmo capítulo da Programación didáctica, o alumnado que se matricule na materia de Latín II de segundo curso de bacharelato sen ter cursado a materia de Latín I de primeiro curso de bacharelato poderá cursar simultaneamente as dúas materias; pero se por motivos de organización do centro non pode asistir á clase da materia de primeiro, esta materia vai ser tratada de forma análoga ás materias pendentes:

Isto quere dicir que durante o repaso dos contidos mínimos de Latín I que, como queda reflectido nesta programación, ven estipulado polo Decreto 86/2015, se vai efectuando ó longo dos bloques de contidos presentes nos tres cursos nos que está organizado o curriculum da materia Latín, se prestará unha maior atención a este alumnado, ó que se lle proporcionará material de reforzo e mesmo ampliación, en caso de precisala.

O seguimento farase fundamentalmente na aula, pola observación do traballo desenvolvido e pola resolución de cuestións propostas así como pola realización de probas orais e mesmo actividades por escrito. Neste ultimo senso, se lles fará entrega a todo o alumnado coa materia pendente dun boletín cunha periodicidade bimensual, cuxas dúbidas serán atendidas e resoltas na aula e nos períodos de atención a pendentes que o alumnado considere necesario

A avaliación vai ser realizada nas mesmas probas de avaliación do curso de segundo de bacharelato, pero de seren preciso se fará algunha proba fóra do horario lectivo. E esta avaliación terá en conta todos os aspectos anteriormente reflexados na forma de seguimento do traballo individual do alumno:

AVALIACIÓN PENDENTE MATERIA GAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

RESOLUCIÓN DE ACTIVIDADES NA AULA	25%
BOLETÍN DE EJERCICIOS	25%
PROBAS ORAIS	25%
PROBAS ESCRITAS	25%

A avaliación realizarase a partir destes criterios de avaliación:

CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN	
1.	Identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos
2.	Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas
3.	Conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais
4.	Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións simples e compostas, coordinadas e subordinadas.
5.	Coñecer as principais fases da historia de roma
6.	Identificar as principais manifestacións culturais latinas: artísticas e da vida cotidiá
7.	Realizar a tradución de textos latinos.
8.	Utilizar o diccionario
9.	Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

De todos os xeitos, o alumnado que acade o aprobado no Latín II, terá sempre a consideración de ter superado ao 100% todos os contidos da lingua latina do Latín I

4.12 Medidas de atención á diversidade

Neste apartado é imprescindible recadar toda a información previa que se poida obter de cada un dos novos alumnos que poida incorporarse ó centro neste nivel educativo; pois dos alumnos, que xa tiveran cursado primeiro de bacharelato no centro, xa teñen un seguimento feito durante o curso anterior. Isto permítenos coñecer que alumnado pode precisar de antemán un seguimento mais personalizado.

Unha das medidas que se considera máis eficaz é diversificar as actividades de reforzo (nos seus diferentes grados: positivo ou intensificativo) e unha distribución diferente do tempo a empregar por parte do alumnado obxecto desta medidas de atención

nos estándares de aprendizaxe e no modo e maneira de que leven a cabo tarefas coas actividades deseñadas para eles.

Farase unha revisión do material que aporte a editorial e se personalizará segundo da demanda do alumnado en cuestión. En xeral pode adiantarse que a diversidade pode requirir centrarse na redución da intensidade dos estándares de aprendizaxe e nunha diminución do grado de consecución de todos aqueles nos que o alumno o precise; pero de igual xeito, pode supor o ter que proporcionarlle ó alumno un afondamento e ampliación na medida e a medida que vaia reclamando.

5. Mitoloxía Clásica

Esta materia de libre configuración do centro, que foi establecida polo mesmo para o curso de segundo de bacharelato e cunha carga horaria dun período lectivo semanal, foi autorizada pola xefatura territorial para ser impartida dende o curso 2016-17.

5.1 Introdución e contextualización

A Mitoloxía Clásica, isto é, á grecorromana, circunscríbese ao análise dos seus principais deuses, heroes e relatos lendarios, a través das fontes literarias e a súa representación artística. A materia vaise desenvolver nun contexto europeo e mediterráneo, aínda cando poidan establecerse os pertinentes paralelismos con outras mitoloxías periféricas e incluso doutras civilizacións. Sendo conscientes en todo momento que só o coñecemento do como trataron de explicar os nosos devanceiros a súa contorna vainos permitir na actualidade progresar no coñecemento da mesma.

5.2 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencia clave	Contribucións
Comunicación lingüística (CCL)	

	Aplicación da terminoloxía conceptual necesaria para una correcta explicación oral e escrita. Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social. Desenrolo de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación. Desenrolo da capacidade crítica ante o mensaxe e o seu contido. Fomento da capacidade creativa. Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, polo de tanto, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual. Preparación para un mellor acceso ó coñecemento mediante a lectura de textos.
Competencia matemática competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	
	Desenrolo da capacidade crítica e análise razoado de problemas e situacións. Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos. Desenrolo de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan. Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidas. Desenrolo de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións. Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas do marco xeográfico no que se desenvolven as culturas de Grecia e Roma, interpretación de obxectos, etc. Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias nas descricións dos relatos obxectos de estudio. Desenrolo do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da materia. Promoción da investigación científica e achegamento ós métodos que lle son propios. Elaboración de xuízos críticos sobre o desenrolo científico e tecnolóxico ó longo da historia. Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías. Capacidade de transmisión axeitada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.
Competencia dixital (CD)	
	Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos. Fomento do traballo colaborativo. Busca de información mediante motores de busca. Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais. Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos. Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.). Acceso e contribución ó coñecemento de dominio (wiki). Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación mais axeitada en función do contido e o receptor da mensaxe.
Aprender a aprender (CAA)	
	Motivación por aprender.

	Organización e xestión do propio aprendizaxe. Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe. Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados. Capacidade de aprendizaxe en grupo.
Competencias sociais e cívicas (CSC)	
	Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais. Desenrolo de actitudes de respecto nas relacións sociais dende o coñecemento da súa diversidade histórica. Análise de situacións para a resolución de conflitos. Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade. Contribución á mellora das institucións dende o coñecemento da súa historia. Conciencia de participación na sociedade actual dende o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais. Desenrolo de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, dende o estudo da súa evolución histórica. Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais dende unha perspectiva histórica e cultural. Aprendizaxe crítico de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade. Respecto reflexivo e crítico ante as diferencias existentes entre diferentes sistemas de valores.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	
	Capacidade para pensar de forma creativa. Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos. Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.). Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas. Comunicación e presentación de proxectos. Capacidade de traballo individual e en grupo. Capacidade de autoevaluación. Desenrolo do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para acadar os obxectivos planificados polo alumno.
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	
	Coñecemento do legado cultural e artístico da mitoloxía clásica. Aprecio e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas. Análise do legado cultural e artístico da mitoloxía clásica como elemento fundamental da cultura europea. Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno. Desenrolo do interés polas manifestacións culturais e artísticas. Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos da mitoloxía clásica e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ó longo da historia ata a cultura e o arte contemporáneo. Desenrolo de valores relativos á conservación do patrimonio e aprecio pola herdanza cultural e artística.

5.3 Estándares de aprendizaxe. Temporalización. Procedementos e instrumentos. Grao mínimo de consecución

1º Trimestre			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Realiza unha descrición conceptual do mito. Recoñece as características que definen o mito. Nomea os principais ciclos míticos. Identifica as principais obras representativas, e ós seus autores, de cada ciclo. Enumera os principais personaxes míticos. Ubica xeograficamente nun mapa a localización de cada ciclo mítico das mitoloxías grega e romana. Enumerar aspectos do marco sociopolítico que poden ser considerados determinantes para comprender as circunstancias que dan lugar ao apoxeo das civilizacións grega e romana Sinala a adaptación romana da mitoloxía grega.	1- ó μυθος (o mito)	Recoñece o 60% dos ciclos míticos. Identifica o 40% das características dun texto mítico.	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas. Elaboración dun mapa conceptual

2º Trimestre			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Realiza unha descrición da cosmogonía e as súas idades. Enumera as características e etapas da teogonía		Recoñece o 55% das divindades.	Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula

Identifica as principais características das divindades e as súas atribucións. Nomea as principais fontes mitolóxicas. Sinala a adaptación romana da mitoloxía grega. Recoñece ós deuses e deusas da mitoloxía grecolatina, sinalando as súas características máis importantes, os seus atributos e o seu ámbito de influencia e explica a súa xenealoxía e os principais aspectos que os diferencian. Coñece as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico a través da mitoloxía. Describe a organización da sociedade grega e romana, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha de elas, co seu reflexo na mitoloxía. Analiza o mito da fundación de Roma.	2- Οἱ θεοί (os deuses)	Identifica o 45% das características e atribucións dos deuses.	Resolución de actividades propostas. Elaboración dun mapa conceptual
---	------------------------	--	--

3º Trimestre			
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Describe as principais formas de ocio das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade. Identifica e explicar os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus			Exposición oral na aula Observación directa do traballo na aula Resolución de actividades propostas.

membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais. Coñece os principais mitos nos que interveñen deuses, semideuses e heroes grecolatinos e establece semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. Identifica os heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando as súas características máis importantes, os seus atributos e o seu ámbito de influencia e explica a súa xenealoxía e os principais aspectos que os diferencian. Recoñecer la iconografía e a simboloxía artística relacionada coa mitoloxía.	3- Οἱ ἥρωες (os héroes)	Identifica o 55% do heroes Indica o 45 % da simboloxía mítica	Elaboración dun mapa conceptual
--	-------------------------	---	---------------------------------

5.4 Concrecións metodolóxicas.

Na materia Mitoloxía Clásica, como no resto de materias, a metodoloxía é un instrumento esencial para a consecución dos obxectivos marcados. É preciso, pois, considerar os seguintes principios metodolóxicos xenerais que faciliten unha aprendizaxe significativa tanto por o alumno mesmo como promovendo o traballo en equipo, aplicando métodos de investigación apropiados:

- O alumno debe ser protagonista da súa aprendizaxe; polo tanto o profesor actuará de guía e mediador nese proceso, axudando a que o alumno relacione os novos coñecementos cos seus previos. Para iso, propoñeranse ao alumnado actividades de aprendizaxe que lle permitirán exercitar e desenvolver progresivamente as súas capacidades e habilidades.
- A aprendizaxe debe ser funcional; neste sentido, é necesario presentar os contidos de Mitoloxía Clásica nun contexto non illado, senón articulado e en relación clara coa realidade cotiá e cos contidos doutras materias. Un aspecto importante, pois, é a interdisciplinaria, de modo que os coñecementos adquiridos sexan funcionais. Desta forma, a Mitoloxía Clásica posibilitará ao alumnado unha maior competencia lingüística na súa propia lingua, permitíndolle un acceso máis sinxelo a outras linguas modernas e, ademais, axudaralle a unha mellor análise da realidade histórica, social, política, cultural e científica.
- As actividades serán individuais e de grupo, xa que é conveniente que o alumno realice non só actividades individuais, senón tamén actividades en grupo que favorezan o intercambio de información, o contraste de puntos de vista e as actitudes de cooperación entre todos, procurando construír procesos de aprendizaxe cooperativa nos que o alumno desenvolva a súa autonomía e a súa capacidade de colaboración con outros. A análise e a interpretación das diferentes manifestacións das artes plásticas é unha das actividades nas que mellor se pode por en práctica este intercambio de, non só información, senón e sobre todo de dedución lóxica, trala aplicación dos coñecementos adquiridos.

Na Mitoloxía Clásica o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre as grandes achegas da cultura clásica á nosa civilización. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual, que sempre fará mais atractivo o traballo.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

En termos xerais, é necesaria unha metodoloxía de traballo variada coa finalidade de que sexa adaptable ás peculiaridades do alumnado e responda á súa diversidade,

utilizando procedementos e recursos múltiples que susciten o interese dos alumnos e se adapten aos seus distintos ritmos de aprendizaxe. Consideramos que, de forma xeral, o proceso de ensino-aprendizaxe ha de realizarse mediante tarefas de diferentes tipos:

- * Tarefas que conteñen actividades de introdución, motivación e coñecementos previos: Aquela que han de introducir o interese do alumno polo que respecta ao contido da unidade que se aborda. Son as que se realizan para poñer de relevo os coñecementos previos, coñecer as ideas, opinións, acertos ou erros dos alumnos sobre os contidos que se van desenvolver.
- * Tarefas que conteñen actividades de desenvolvemento: as que permiten coñecer os conceptos, os procedementos ou as novas actitudes.
- * Tarefas que conteñen actividades de síntese-resumo: Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
- * Tarefas que conteñen actividades de consolidación, recuperación e ampliación: As que permiten contrastar as ideas novas coas previas dos alumnos, así como aplicar as aprendizaxes. Son, por unha banda, todas as que se programan para os alumnos que non alcanzaron os coñecementos traballados; e por outra, as que permiten afondar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.

5.5 Materiais e recursos didácticos

Para esta materia de Mitoloxía Clásica non se fixa ningún libro de texto, entre outros motivos, por descoñecer si existe algún manual publicado nalgunha editorial; o que si se vai recomendar como manual básico o Dicionario de mitoloxía grega e romana de Pierre Grimal, ed Paidós (<https://atirolimpo.files.wordpress.com/2017/01/pierregrimal-diccionario-de-la-mitologc3ada-griega-y-romana.pdf>); así como o Dicionario de Culturas Clásicas da editorial Vox.

Os recursos didácticos que se van empregar terán fundamentalmente como soporte as novas tecnoloxías para poder enfocar a mitoloxía clásica dende todas as manifestacións artísticas, no só as de longa traxectoria cronolóxica, senón tamén as máis recentes como a música, a cinematografía e mesmo bandas deseñadas dixitalizadas; é por iso polo que vaise necesitar impartir a materia nunha aula dotada informaticamente (o que non é nada doado). Temos a disposición da materia un bloge do departamento (<http://departamentodelatin.blogspot.com/>), unha canle de youtube e, por suposto, o espazo específico dentro da aula virtual do centro:

(<http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanchezcanton/aulavirtual2/course/view.php?id=497>).

Os fondos da biblioteca van resultar imprescindibles para poder realizar as lecturas dos fragmentos escollidos dos principais mitos e mitógrafos (Hesíodo: Teogonía; Homero: A

Iliada e a Odisea; Esquilo: A Orestíada, Edipo, rei, Os sete contra Tebas; Apolonio de Rodas: Argonáuticas; Tito Livio: Ab urbe condita (A fundación de Roma)).

5. 6 Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción

Os criterios de avaliación que se determinan para esta materia dentro desta Programación Didáctica son os seguintes:

BLOQUE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
1- ó μυθος (O mito)	B1.1. Identificar e saber describir con precisión o margo xeográfico das civilizacións onde se desenvolve a Mitoloxía Clásica.
	B1.2. Elaborar un mapa conceptual dos principais aspectos sociopolíticos das civilizacións grega e romana.
	B1.3. Describir as principais características da produción mitográfica e os seus autores.
	B1.4. Poder describir as principais sagas e ciclos da mitoloxía clásica.
2- Οι θεοί (os deuses)	B2.1. Coñocer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.
	B2.2. Poder describir os principais rasgos das diferentes categorías de deuses grecolatinos.
	B2.3. Identificar na iconografía artística os principais deuses da mitoloxía.
3- Οι ήρωες (os héroes)	B3.1. Coñocer os principais heroes da mitoloxía grecolatina e as súas características, atributos e ámbito de influencia.
	B3.2. Describir a xenealoxía heroica.
	B3.3. Poder recrear a esencia heroica e ser quen de plasmarla na actualidade.


CRITERIOS MÍNIMOS	
1.	Entender e explicar a cosmogonía
2.	Entender e explicar a teogonía
3.	Facer a exposición das edades da humanidade
4.	Establecer o concepto de ciclo mítico
5.	Realizar a comprensión lectora dun mito.
6.	Expor oralmente algún mito traballado.
7.	Elaborar algunha presentación sobre algunha divindade.

CRITERIOS MÍNIMOS	
8.	Recoñecer os principais deuses.
9.	Coñecer os principais heroes.
10.	Recrear un mito, cun ciclo, unha xenealoxía e cuns protagonistas adaptados a actualidade.

Acadados estes criterios, o alumnos obterá, conforme establece o decreto, unha cualificación numérica, sen decimais, nunha escala de un a dez, que irá acompañada dos seguintes termos e nas correspondencias que a continuación se detallan:

TERMO	CUALIFICACIÓN NUMÉRICA
Insuficiente (IN)	1, 2, 3 ou 4
Suficiente (Su)	5
Ben (B)	6
Notable (NT)	7 ou 8
Sobresaliente (SB)	9 ou 10

Esta cualificación vai ser a que se empregue en cada unha das avaliación que temos establecidas neste centro: 1ª, 2ª e 3ª Avaliación e Final. Para cada unha de elas establece o aprobado no Suficiente (Su) 5, que ha de conseguir coa participación activa no traballo de aula; a nivel individual suporá o 25% , a nivel colectivo o 50% e a elaboración do proxecto final dunha recreación mitolóxica adaptada a actualidade un 25% da cualificación final:



5. 7 Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Relación de indicadores que imos manexar de resposta binaria (si/non)

1.	Programación da materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
2.	Selección e secuenciación de forma progresiva dos contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades do grupo de estudantes.
3.	Programación de actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
4.	Planificación das clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
5.	Establecemento dos criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos.
6.	Coordinación co profesorado doutros departamentos con materias con contidos afíns a esta materia.
7.	Entrega dun plan de traballo ao principio de cada unidade e formulación de situacións que introduzan a unidade.
8.	Relación das aprendizaxes a aplicacións reais ou a súa funcionalidade.
9.	Informe sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
10.	Relación dos contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
11.	Estimulación a participación activa dos estudantes.
12.	Promoción á reflexión dos temas tratados.
13.	Relación, na medida do posíbel, dos novos conceptos cos xa coñecidos.
14.	Aclaración de dúbidas e asesoramento continuo.
15.	Optimización do tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe.
16.	Utilización das TICs de todo tipo como metodoloxía de apoio.
17.	Promoción do traballo cooperativo mantendo unha comunicación fluída cos estudantes.
18.	Desenvolvemento dos contidos dunha forma ordenada e comprensible para o alumnado.

Relación de indicadores que imos manexar de resposta estendida

19.	Conclusións da información recadada de cada alumno sobre a utilidade da materia
20.	Indagación do grao de satisfacción do alumnado
21.	Aportacións da materia a nivel individual de cada alumno
22.	Autoreflexión sobre todos os aspectos, tanto do acadado como o do mellorable

5. 8 Elementos transversais

Tendo en conta os principios metodolóxicos que establece o Decreto da LOMCE (Artigo 11, Capítulo I, Título I) na materia de Mitoloxía Clásica se van traballar os seguintes elementos transversais:

ELEMENTOS TRANSVERSAIS	
Comprensión lectora	Dedicarase un tempo a lectura na práctica docente, de maneira sistemática sobre mitos da antigüidade clásica, promovendo o uso da información
Expresión oral e escrita	Vai inherentemente ligado este elemento a elaboración das actividades de aula dentro das tarefas a desenrolar
Uso das TICs	Emprego de aula virtual, bloges, páxina web, editor de imaxes e videos e mesmo redes sociais
Educación cívica e social	O Latín é a lingua na que se redactaron as primeiras leis que coas que se organiza a vida da democracia, dos órganos colexiados e do nacemento da defensa dos dereitos humanos. A prevención de conflitos baséase na aplicación da xustiza, coa creacións das leis que regulan a convivencia.
Educación na igualdade	No estudo do latín está moi presente a non discriminación: loita dos dereitos das distintas clases sociais máis desfavorecidas
Espírito emprendedor	Fomentarase a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico
Educación e seguridade viaria	Que este xa era un aspecto importante na convivencia cidadá vexa no desenrolo do urbanismo romano coas súa linguaxe ideográfica

5. 9 Medidas de atención a diversidade

Neste apartado é imprescindible recadar toda a información previa que se poida obter de cada un dos novos alumnos que poida incorporarse ó centro neste nivel educativo; pois

dos alumnos, que xa tiveran cursado primeiro de bacharelato no centro, xa teñen un seguimento feito durante o curso anterior. Isto permítenos coñecer que alumnado pode precisar de antemán un seguimento mais personalizado.

Unha das medidas que se considera máis eficaz é diversificar as actividades de reforzo (nos seus diferentes grados: positivo ou intensificativo) e unha distribución diferente do tempo a empregar por parte do alumnado obxecto desta medidas de atención nos estándares de aprendizaxe e no modo e maneira de que leven a cabo tarefas coas actividades deseñadas para eles.

DEPARTAMENTO DE GREGO

6. Grego I

6.1 Introducción e contextualización

A materia de Grego é unha das recollidas no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, no que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. O mentado decreto no seu Capítulo II, nos artigos 30 e 31, relativos a organización do primeiro e segundo curso de bacharelato respectivamente, establece o Grego I e o Grego II como materias de opción do bloque de materias troncais para o itinerario de Humanidades e Ciencias Sociais.

No Bacharelato de Humanidades predomina o estudo dos idiomas. Polo xeral dominan os conceptos gramaticais básicos aplicados ás linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia pero a miúdo atopamos alumnos que presentan deficiencias neste aspecto. A comezos de curso hai que buscalas, recoñecelas e intentar corrixilas canto antes.

O Bacharelato ten como finalidade proporcionar aos alumnos a formación, os coñecementos e as habilidades que lles permitan incorporarse á vida activa con responsabilidade e para acceder á educación superior. A dificultade do Bacharelato é que o volume dos contidos teóricos e as capacidades que se lles esixen constitúe unha porcentaxe moi superior ao da E.S.O. Os contidos propostos para a materia de Grego céntranse en dous grandes ámbitos: a lingua e mais a cultura que deberán abordarse de forma progresiva e coherente. A práctica da tradución terá que contribuír á reflexión sobre as súas linguas. O estudo e a aprendizaxe do léxico, ademais de instrumento para a tradución, ha mostrar os mecanismos de formación de palabras e valorar a transcendencia dos cultismos e dos préstamos lingüísticos como parte do legado cultural proporcionado por Grecia.

A coincidencia do estudo do latín e do grego, ao tempo que invita a un tratamento coordinado permite comprender a estrutura flexiva de ambas linguas ricas en contido e tan produtivas na súa contribución ás linguas modernas. Cómpre pois unha visión conxunta de ambas as materias que evite duplicidades nas explicacións e simplifique, na medida do posible, os conceptos gramaticais.

A materia de Grego na etapa de bacharelato ten como primeira finalidade introducir o alumnado no coñecemento básico da lingua grega antiga nos seus aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos, co obxecto de lle permitir acceder directamente a algúns dos textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, a través dos cales chegou ata nós unha boa parte do denominado legado clásico. O estudo da lingua e a literatura grega serve, ademais, como instrumento idóneo para se iniciar nun coñecemento directo do pensamento e a cultura grega antiga, que constitúen a base da civilización occidental.

Por outra banda, a través do estudo das peculiaridades morfosintácticas do grego antigo é posible chegar a comprender máis profundamente conceptos lingüísticos que resultan esenciais para avanzar no coñecemento e o uso correcto, tanto da lingua propia como doutras lingua estudadas polo alumnado.

O Centro no que se vai desenvolver esta Programación Didáctica é un Instituto de Educación Secundaria de carácter público, onde se imparten ESO, Bacharelato, Ciclos e ten unha extensión no CGTD para 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Bacharelato

6.1 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

As competencias do currículo establecidas pola normativa básica para o noso sistema educativo son:

- a) Comunicación lingüística.
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- c) Competencia dixital.
- d) Aprender a aprender.
- e) Competencias sociais e cívicas.
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- g) Conciencia e expresións culturais.

Non se pode establecer unha relación exclusiva entre materias e competencias, dito doutra forma, a relación entre competencias e materias é transversal, é dicir, ao desenvolvemento dunha competencia contribúese dende todas as materias en maior ou

menor medida e, en consecuencia, dende unha materia contribúese ao desenvolvemento de todas as competencias, igualmente, en maior ou menor medida.

Así pois, na aprendizaxe por competencias, a materia de Grego desempeña un papel esencial xunto coas demais materias que cursa o alumno. Por outra banda, é evidente que a materia de Grego contribuírá en maior medida ao desenvolvemento de determinadas competencias, polo que é preciso sinalar en que aspectos contribúe a materia a ese desenvolvemento en cada unha. Referiremos pois esta contribución.

Competencia clave	Contribucións
Comunicación lingüística (CCL)	
	Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e lecer. Comprensión do compoñente lingüístico das linguas propias e das linguas estranxeiras. Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social. Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades. Desenrolo de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación. Desenrolo da capacidade crítica ante o mensaxe e o seu contido. Facilidade para o aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nelas. Fomento da capacidade creativa lingüística. Melloría na comprensión e na emisión de mensaxes orais e escritos. Melloría na motivación do aprendizaxe a partir da mellora na comprensión e expresión lingüística. Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, polo de tanto, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual. Preparación para un mellor acceso ó coñecemento mediante la lectura de textos orixinais.
Competencia matemática competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	
	Desenrolo da capacidade crítica e análise razoado de problemas e situacións. Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos. Desenrolo de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan. Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidas. Desenrolo de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións. Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc. Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias. Desenrolo do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina. Promoción da investigación científica e achegamento ós métodos que lle son propios. Elaboración de xuízos críticos sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico ó longo da historia. Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías.

	Capacidade de transmisión axeitada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.
Competencia dixital (CD)	
	Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos. Fomento do traballo colaborativo. Busca de información mediante motores de busca. Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais. Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos. Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.). Acceso e contribución ó coñecemento de dominio (wiki). Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación mais axeitada en función do contido e o receptor da mensaxe.
Aprender a aprender (CAA)	
	Motivación por aprender. Organización e xestión do propio aprendizaxe. Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe. Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados. Capacidade de aprendizaxe en grupo.
Competencias sociais e cívicas (CSC)	
	Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais. Desenrolo de actitudes de respecto nas relacións sociais dende o coñecemento da súa diversidade histórica. Análise de situacións para a resolución de conflitos. Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade. Contribución á mellora das institucións dende o coñecemento da súa historia. Conciencia de participación na sociedade actual dende o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais. Desenrolo de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, dende o estudo da súa evolución histórica. Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais dende unha perspectiva histórica e cultural. Aprendizaxe crítico de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade. Respecto reflexivo e crítico ante as diferencias existentes entre diferentes sistemas de valores.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	
	Capacidade para pensar de forma creativa. Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos. Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.). Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas. Comunicación e presentación de proxectos.

	Capacidade de traballo individual e en grupo. Capacidade de autoevaluación. Desenrolo do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para acadar os obxectivos planificados polo alumno.
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	
	Coñecemento do legado cultural e artístico da Roma antiga. Aprecio e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas. Análise do legado cultural e artístico da Roma antiga como elemento fundamental da cultura europea. Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno. Desenrolo do interés polas manifestacións culturais e artísticas. Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas romanas e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ó longo da historia hata a cultura e o arte contemporáneo. Desenrolo de valores relativos á conservación do patrimonio e aprecio pola herdanza cultural e artística.

É evidente que a aprendizaxe por competencias non pode ir desligada dos obxectivos que se pretenden conseguir nunha materia determinada. Desta forma, establécese unha relación entre obxectivos e contribución ao desenvolvemento de competencias que sen ser exclusiva, si podemos establecer de forma clara como predominante.

6.1 Concreción dos obxectivos

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Como obxectivos xerais para a materia de grego quedan establecidos os seguintes:

1. Iniciarse na comprensión, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando para este fin o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega.

2. Reflexionar sobre o léxico de orixe grega presente na linguaxe cotiá e na terminoloxía científica, identificando étimos, prefixos e sufixos gregos que axuden a unha mellor comprensión das linguas modernas.
3. Ler textos gregos tanto orixinais como adaptados ou traducidos, realizando unha lectura comprensiva e crítica, distinguindo as características principais e o xénero literario ao que pertencen.
4. Coñecer, na medida en que sexa posible, as máis importantes manifestacións culturais da Grecia antiga e recoñecer e valorar a súa contribución e continuidade ao longo da historia no mundo actual.
5. Utilizar de xeito crítico fontes de información variadas, obtendo delas datos relevantes para o coñecemento da lingua e a cultura estudadas.

6.4 Estándares de aprendizaxe. Temporalización, procedementos e instrumentos. Grao mínimo de consecución

Os estándares de aprendizaxe avaliáveis como especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en Grego I, deben ser observables, medibles e, evidentemente, avaliáveis, de forma que permitan graduar o rendemento ou o logro acadado. O seu deseño contribúe e facilita o deseño de probas estandarizadas e comparables.

Dentro da distribución de competencias establecidas pola LOMCE, é o Goberno quen establece, tanto para as materias do bloque de materias troncais como para as do bloque de materias específicas, os estándares de aprendizaxe avaliáveis de cada materia. Mediante estes estándares de aprendizaxe, pois, garántese que os criterios de avaliación e os contidos que poidan completar as distintas Administracións educativas no desenvolvemento das competencias que lles atribúe a normativa básica, ofrezan unha formación común a todos os alumnos e permiten, así mesmo, establecer unhas probas de avaliación final estandarizadas e comparables.

Outra das competencias do Goberno respecto das materias do bloque de materias troncais é establecer os contidos comúns, polo que existe e así se recolle na norma básica unha relación directa entre contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis que se recolle a continuación.

1º de bacharelato

	Grego I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Lingua grega			
d g h	B1.1. Marco xeográfico da lingua grega.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua grega.	GR1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.	CD CSC
a g h	B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo.	B1.2. Explicar a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas indoeuropeas.	GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.	CAA CCEC
			GR1B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.	CD CCL
a g h	B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo.	B1.3. Entender o concepto de familia lingüística e de indoeuropeo.	GR1B1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística.	CCL
			GR1B1.3.2. Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo.	CCL
a g h	B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo.	B1.4. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.	GR1B1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión.	CD CCL
d h n	B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno.	B1.5. Coñecer as etapas da historia da lingua grega.	GR1B1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno.	CCL
d h n	B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno.	B1.6. Identificar exemplos de escritura micénica e alfabética.	GR1B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto.	CCL
d h n	B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno.	B1.7. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual.	GR1B1.7.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	CCL
a h	B1.4. Variedades dialectais.	B1.8. Recoñecer a división dialectal da lingua grega e identificar a súa expansión xeográfica.	GR1B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.	CCL CSC
	Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos			
a d g h	B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	GR1B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen a uns doutros.	CCL

	Grego I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a d g h	B2.2. Orixe e evolución do alfabeto grego.	B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa influencia e a súa relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade.	GR1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio.	CCL
			GR1B2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas.	CCL
a d e	B2.3. Caracteres do alfabeto grego.	B2.3. Coñecer os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribílos e lelos coa pronuncia correcta.	GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escribeos e leos correctamente.	CCL
d e f	B2.4. Clasificación dos fonemas: pronuncia.	B2.4. Recoñecer o cadro clasificatorio dos fonemas da lingua grega xunto coa súa pronuncia.	GR1B2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describílos desde o punto e o modo de articulación.	CCL
d e f	B2.5. Transcrición de termos dos caracteres gregos.	B2.5. Coñecer e aplicar as normas de transcrición para transcribir termos gregos ao abecedario galego e castelán.	GR1B2.5.1. Coñece as normas de transcrición e aplícaa con corrección na transcrición de termos gregos ao galego e ao castelán.	CCL
d e f	B2.6. Signos diacríticos e de puntuación.	B2.6. Coñecer os acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación, o seu valor e a súa colocación.	GR1B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.	CCL
	Bloque 3. Morfoloxía			
d e f i	B3.1. O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.1. Coñecer o concepto de flexión lingüística.	GR1B3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva.	CCL
d e f i	B3.1. O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado.	GR1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CCL
d e f	B3.2. Formantes das palabras.	B3.3. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	GR1B3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.	CCL CAA
d e f	B3.3. Concepto de declinación: declinacións gregas. Enunciado e paradigmas.	B3.4. Comprender o concepto de declinación/flexión.	GR1B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e	CCL

	Grego I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.	
d e f	B3.4. Flexión nominal e pronominal.	B3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais.	GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	CCL
			GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán.	CCL
d e f	B3.5. Sistema verbal grego. Verbos temáticos e atemáticos.	B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analízalas morfoloxicamente e tradúcilas.	GR1B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación.	CCL
			GR1B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.	CCL
			GR1B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.	CCL
			GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.	CCL
			GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas.	CCL
			GR1B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.	CCL
d e f	B3.6. Formas verbais persoais e non persoais.	B3.7. Diferenciar entre formas persoais e non persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas.	GR1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar.	CCL
	Bloque 4. Sintaxe			

	Grego I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d e f h i	B4.1. Casos gregos.	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	GR1B4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.	CCL
d e f h i	B4.1. Casos gregos.	B4.2. Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna.	GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos.	CCL
e f	B4.2. Concordancia.	B4.3. Coñecer o concepto de concordancia tanto nominal (caso, xénero e número) como verbal (número e persoa).	GR1B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos.	CCL
e f	B4.3. Elementos da oración.	B4.4. Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc.	GR1B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración.	CCL
e f	B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	B4.5. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	GR1B4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.	CCL
e f	B4.5. Oracións compostas.	B4.6. Distinguir as oracións simples das compostas.	GR1B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferéncias con precisión das oracións simples e explica en cada caso as súas características.	CCL
e f	B4.6. Construcións de infinitivo.	B4.7. Coñecer as funcións das formas de infinitivo nas oracións.	GR1B4.7.1. Identifica as funcións das formas de infinitivo dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.	CCL
e f	B4.6. Construcións de infinitivo.	B4.8. Identificar as construcións de infinitivo concertado e non concertado.	GR1B4.8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.	CCL
e f	B4.7. Construcións de participio.	B4.9. Coñecer as funcións das formas de participio nas oracións.	GR1B4.9.1. Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.	CCL

	Grego I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e f	B4.7. Construcións de participio.	B4.10. Identificar as construcións de participio concertado e non concertado.	GR1B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.	CCL
d e f g i	B4.8. Análise e tradución de frases e textos.	B4.11. Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfolóxicos da lingua grega, e iniciarse na interpretación e na tradución de textos de dificultade progresiva.	GR1B4.11.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos.	CCL
d e f g i	B4.8. Análise e tradución de frases e textos.	B4.12. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua grega que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.	GR1B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán.	CCL
	Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización			
g h	B5.1. Períodos da historia de Grecia.	B5.1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Grecia, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.	CD CSC CCEC
			GR1B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información.	CD CMCCT
			GR1B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	CCEC
			GR1B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.	CCEC
a b h	B5.2. Organización política e social de Grecia.	B5.2. Coñecer e comparar as principais formas de	GR1B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles,	CSC

	Grego I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
m		organización política e social da antiga Grecia.	establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais.	
			GR1B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais.	CSC
ch	B5.3. A familia.	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	GR1B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.	CSC
ch l	B5.4. Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. Festas e espectáculos.	B5.4. Identificar as principais formas de traballo e de lecer da antigüidade.	GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.	CMCCT CSC CSIEE
			GR1B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.	CSC
ch ñ	B5.5. Mitoloxía e relixión.	B5.5. Coñecer os principais deuses da mitoloxía.	GR1B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.	CCL CCEC
ch ñ	B5.5. Mitoloxía e relixión.	B5.6. Coñecer os deuses, os mitos e os heroes gregos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	GR1B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.	CCEC
			GR1B5.6.2. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos os tratamentos, asociándoas a outras características culturais propias de cada época.	CCEC

	Grego I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			GR1B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas, e describe, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.	CCEC
chñ	B5.5. Mitoloxía e relixión.	B5.7. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e relixión grega coas actuais.	GR1B5.7.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.	CCEC
chñ	B5.5. Mitoloxía e relixión.	B5.8. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	GR1B5.8.1. Describe e analiza os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os certames deportivos da antiga Grecia e a presenza ou ausencia destes nos seus correlatos actuais.	CCEC
	Bloque 6. Textos			
efgi	B6.1. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva.	GR1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL
efgi	B6.1. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.2. Utilizar con corrección manuais e dicionarios, e recoñecer e analizar toda a información que proporcionan.	GR1B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.	CCL
			GR1B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.	CAA CCL
efgi	B6.2. Iniciación ás técnicas de retroversión e comentario de textos.	B6.3. Coñecer e aplicar os coñecementos adquiridos para a retroversión de frases ou textos de dificultade progresiva.	GR1B6.3.1. Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos.	CCL
efgi	B6.2. Iniciación ás técnicas de retroversión e comentario de textos.	B6.4. Comentar desde o punto de vista lingüístico e literario os textos propostos.	GR1B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.	CAA CCL
ef	B6.3. Análise morfolóxica e sintáctica. Comparación de	B6.5. Comparar as estruturas gregas coas da lingua propia,	GR1B6.5.1. Compara estruturas gregas coas da	CCL

	Grego I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	estruturas gregas coas da lingua propia.	e establecer semellanzas e diferenzas.	lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas.	
d e g	B6.4. Lectura comprensiva de textos traducidos.	B6.6. Realizar, a través dunha lectura comprensiva, análise e comentario do contido e da estrutura de textos gregos orixinais, adaptados ou traducidos.	GR1B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CCL CCEC
d e g	B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua grega e na lingua propia.	B6.7. Realizar pequenos coloquios en grego con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	GR1B6.7.1. Mantén un sinxelo diálogo en grego sobre a base dun tema previamente acordado.	CCL
d g	B6.6. Produción de textos propios breves en lingua grega.	B6.8. Redactar pequenos textos en lingua grega de produción propia.	GR1B6.8.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en grego sobre un tema proposto.	CCL
	Bloque 7. Léxico			
e f	B7.1. Vocabulario básico grego: léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego: as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.	GR1B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto.	CCL
			GR1B7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tradúceos á propia lingua.	CCL
			GR1B7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferenza lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.	CCL
e f	B7.2. Descomposición de palabras nos seus formantes.	B7.2. Descompor unha palabra nos seus formantes, e coñecer o seu significado en grego para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	GR1B7.2.1. Descompón os formantes das palabras e reconece o significado dos elementos de orixe grega.	CCL
e f	B7.3. Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos.	B7.3. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e remontalos aos étimos gregos orixinais.	GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.	CCL
e f	B7.4. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia.	B7.4. Identificar e coñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego (derivación e composición) para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.	GR1B7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.	CCL

	Grego I. 1º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e f	B7.5. Familias etimolóxicas e semánticas.	B7.5. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	GR1B7.5.1. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	CCL

Como temporalización suxerimos o seguinte cadro:

Avaliación	Bloque	Tema
1ª Avaliación	1. O amor (ἔρως)	O indoeuropeo Breve historia da lingua grega O alfabeto Signos de acentuación e puntuación Clasificación dos fonemas Transcrición O amor: Eros, mito y pervivencia. Viaxe a Grecia: a Hélade
	2. O mar (θάλαττα)	Valor e uso dos casos (I) O artigo Temas en -α Temas en -ο Presente de indicativo activo de εἰμί y λύω O mar: Poseidón, mito e pervivencia Viaxe a Grecia: Creta
	3. A morte (θάνατος)	O adxectivo: primeira clase Pronomes demostrativos Oracións nominais Preposicións (I) Verbo λύω: o modo indicativo en voz activa Verbo εἰμί: imperfecto de indicativo activo A morte: Hades, mito e pervivencia Viaxe a Grecia: Micenas
	4. A muller (γυνή)	Pronomes persoais e αὐτός Valor e uso dos casos (II): o dobre acusativo e o dativo posesivo Preposicións (II) O infinitivo (I) Infinitivo de presente activo Sintaxe: o infinitivo concertado A muller: Pandora e Afrodita: mito e pervivencia Viaxe a Grecia: Troia
	5. O deporte	Terceira declinación (I) Consideracións xerais Temas en oclusiva Pronomes posesivos

2ª Avaliación	(γυμναστική)	Pronomes relativos Oracións de relativo Voz media e voz pasiva Desinencias medio-pasivas Sintaxe da voz pasiva: o complemento axente O deporte: Hermes, mito e pervivencia Viaxe a Grecia: Olimpia
	6. A relixión (Τὰ περὶ τῶν θεῶν)	Terceira declinación: temas en soante Temas en líquida Temas en nasal Pronomes indefinidos Pronomes interrogativos Pronomes numerais Valor e uso dos casos (III): xenitivo partitivo Preposicións (III) O Infinitivo (II): Infinitivo de presente medio-pasivo Sintaxe do infinitivo A relixión: Apolo e Ártemis, mito y pervivencia O oráculo Viaxe a Grecia: Lesbos
	7. A guerra (πόλεμος)	Terceira declinación: temas en -ντ Adxectivos irregulares: πολὺς e μέγας Grados do adxectivo: comparativos e superlativos O participio (I) Participio de presente Uso nominal do participio Uso verbal: participio concertado O aumento O aumento e os seus tipos O aumento nos verbos compostos A guerra: Ares, mito e pervivencia Viaxe a Grecia: Esparta
	8. A arte (τέχνη)	Terceira declinación: temas en silbante Substantivos neutros en -ος Substantivos e adxectivos en -ης Valor e uso dos casos (IV): complementos circunstanciais sen preposición A expresión do tempo A extensión no el espazo O acusativo de relación Os modos verbais Subxuntivo Optativo Imperativo O infinitivo (III) Cadro xeral Construción persoal A arte: Atenea, mito e pervivencia
3º Avaliación		

		Viaxe a Grecia: Atenas (I)
	9. As festas (ἑορταί)	Terceira declinación Temas en vocal Temas en ditongo Os adxectivos: esquema xeral Conxuncións coordinadas Verbos contractos La reduplicación Réxime especial dalgúns verbos As festas: Dioniso, mito e pervivencia Viaxe a Grecia: Atenas (II)

Os mínimos exisibles quedan reflectidos nesta táboa:

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 3. Morfoloxía		
B3.4. Flexión nominal e pronominal.	B3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais.	GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
		GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán.
B3.5. Sistema verbal grego. Verbos temáticos e atemáticos.	B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analízalas morfoloxicamente e traducilas.	GR1B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación.
		GR1B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.
		GR1B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un

		deles.
		GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.
		GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas.
		GR1B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.
B3.6. Formas verbais persoais e non persoais.	B3.7. Diferenciar entre formas persoais e non persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas.	GR1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar.
Bloque 4. Sintaxe		
B4.1. Casos gregos.	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	GR1B4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.
B4.1. Casos gregos.	B4.2. Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna.	GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos.
B4.2. Concordancia.	B4.3. Coñecer o concepto de concordancia tanto nominal	GR1B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e

	(caso, xénero e número) como verbal (número e persoa).	determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos.
B4.3. Elementos da oración.	B4.4. Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc.	GR1B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración.
B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	B4.5. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	GR1B4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.
B4.5. Oracións compostas.	B4.6. Distinguir as oracións simples das compostas.	GR1B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferéncias con precisión das oracións simples e explica en cada caso as súas características.
B4.6. Construcións de infinitivo.	B4.8. Identificar as construcións de infinitivo concertado e non concertado.	GR1B4.8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.
B4.7. Construcións de participio.	B4.10. Identificar as construcións de participio concertado e non concertado.	GR1B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.
B4.8. Análise e tradución de frases e textos.	B4.12. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua grega que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.	GR1B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán.
Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización		

B5.1. Períodos da historia de Grecia.	B5.1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Grecia, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.
		GR1B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información.
		GR1B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.
		GR1B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.
		GR1B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais.
		GR1B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais.
Bloque 6. Textos		
B6.1. Iniciación ás	B6.1. Coñecer e aplicar os	GR1B6.1.1. Utiliza

técnicas de tradución.	coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva.	adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.
B6.1. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.2. Utilizar con corrección manuais e dicionarios, e recoñecer e analizar toda a información que proporcionan.	GR1B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.
Bloque 7. Léxico		
B7.1. Vocabulario básico grego: léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego: as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.	GR1B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto.
		GR1B7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tradúceos á propia lingua.
		GR1B7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferenza lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.
B7.3. Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos.	B7.3. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e remontalos aos étimos gregos orixinais.	GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.
B7.4. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos	B7.4. Identificar e coñecer os elementos léxicos e os procedementos de	GR1B7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de

usados na lingua propia.	formación do léxico grego (derivación e composición) para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.	léxico común da lingua propia.
--------------------------	--	--------------------------------

6.5 Concrecións metodolóxicas.

A materia atenderá, sintética e simultaneamente, tanto aos aspectos de lingua e cultura, como aos teórico-prácticos. Consecuencia, coherencia, unidade sen descartar certa flexibilidade que non tolere, non obstante, fragmentación innecesaria.

A lingua estudarase a partir de e con base a textos de progresiva dificultade gramatical e léxica, elixidos por contidos, mais, tamén, por simplicidade, comezando por máximas e sentenzas, frases de rico significado, como as atribuídas aos sete sabios, evitando ficcións, para mellor comprensión e mais asimilación, esclarecendo, en calquera caso, o que fose necesario.

Baixo índice de frecuencia servirá para obviar determinados contidos gramaticais (formas irregulares, verbos contratos en -o).

Alto índice de frecuencia en textos será a razón dun vocabulario básico e o punto de partida para o estudo dos étimos e a súa aplicación na comprensión das nosas linguas.

O comentario e a interpretación dos textos habituará a técnica de análise e ao razoamento indutivo.

Reflexión e imaxinación pódense estimular por medio de exercicios gramaticais. Trátase de prácticas semellantes ás utilizadas na aprendizaxe das linguas vivas, de forma que faciliten a comprensión das estruturas gramaticais.

En conclusión faremos por:

- Desbotar o estudo previo e sistematizado da gramática antes de abordar a análise dos textos.
- Unir morfoloxía e sintaxe relacionando as palabras segundo a súa forma e función.
- Conciliar os elementos lingüísticos e culturais que servirán de punto de partida para relacionar ao home de hoxe cos seus antepasados gregos.

Conforme a estas consideracións os contidos da materia de grego se estruturarán en sesións teóricas e prácticas.

Nas teóricas dedicaranse aproximadamente uns 15 minutos a desenvolver os novos contidos e observar en que medida son incorporados ou asimilados polos alumnos.

Nas sesións prácticas, ás que dedicaremos 30 minutos aproximadamente, os alumnos realizarán actividades de tradución e comprensión de textos, sexa a corrección e explicación dos exercicios feitos individualmente na casa ou ben tarefas en grupos homoxéneos ou agrupados flexiblemente.

6.6 Materiais e recursos didácticos

Se recorrerá ao libro de texto da editorial Baía, pero tamén a material que se subirá á aula virtual do centro. Usaranse tamén os dicionarios de Grego, mitoloxía e institución que están inventariados na biblioteca e se gardan na aula do departamento.

Se lles recomendarán aos alumnos e se usarán a miúdo recursos de internet como:

<http://www.dicciogriego.es/index.php#lemas>

<https://dicciomed.usal.es/>

<http://w.w.w.chironweb.org/wiki/index.php/portada>

www.youtube.com/griegoweb

<http://www.culturaclasica.com/>

<http://culturaclasica.net/>

http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/_comun/eshome.php

<http://griegoweb.com/>

<https://demgol.units.it/index.do?&lang=sp&locale=es>

<http://clio.rediris.es/fichas/escritura/sistemas%20de%20escritura%20%28texto%29.htm>

http://www.clasicasusal.es/portal_recursos/index.php

https://es.wikipedia.org/wiki/Mitolog%C3%ADa_griega

6.7 Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción.

Para a avaliación da consecución de todos os obxectivos, será condición fundamental e indispensable tanto a actitude activa e comprometida na aula como a realización de cantos exercicios se propoñan para casa.

Criterios de cualificación:

Na cualificación das avaliacións valoraranse as probas escritas (Avaliación de Conceptos) nun 80%; os traballos e prácticas (Avaliación de Procedementos) xunto coa actitude na clase (Avaliación de Actitudes e Actividade) suporán o 20% da nota global.

As probas escritas cualificaranse sobre dez, valorando nun 60% as cuestións relativas aos contidos dos bloques de Morfoloxía, Sintaxe e Textos e nun 30 % as cuestións referidas aos contidos dos restantes bloques (Lingua grega; Sistema da lingua grega: elementos básicos; Grecia: historia, cultura arte e civilización; Léxico) en un 10% as referidas ás competencias clave.

Recuperación de avaliacións:

Para aqueles alumnos que ao final da secuencia ensino-aprendizaxe non acaden os obxectivos previstos:

- a) Recuperación progresiva coas demais unidades, cumprindo a avaliación continua.
- b) Superar unha proba escrita supón, en función da avaliación continua, ter superadas as anteriores.
- c) Se fose o caso de suspender a terceira avaliación, cuxo aprobado é condición “sine qua non” para superar a materia de Grego I, o alumno terá a posibilidade de recuperar a totalidade da materia cun exame de contidos mínimos cunha valoración máxima de 6 puntos.

Probas extraordinarias de setembro:

Proba escrita de toda a materia (contidos mínimos), na que se aplicarán os seguintes criterios:

- a) Morfoloxía, sintaxe e tradución: 60%
- b) Historia de Grecia e Léxico: 30%
- c) Competencias clave: 10%

Para superar a materia de Grego I e promocionar ao seguinte curso, o alumnado deberá superar as probas antes mencionadas cunha cualificación mínima de 5 puntos.

6.8 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Relación de indicadores que imos manexar de resposta binaria (si/non)

1.	Programación da materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2.	Programación da materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3.	Selección e secuenciación de forma progresiva dos contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4.	Programación de actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5.	Planificación das clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6.	Establecemento dos criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos.
7.	Coordinación co profesorado doutros departamentos con materias con contidos afíns a esta materia.
8.	Entrega dun plan de traballo ao principio de cada unidade e formulación de situacións que introduzan a unidade.
9.	Relación das aprendizaxes a aplicacións reais ou a súa funcionalidade.
10.	Informe sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
11.	Relación dos contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
12.	Estimulación a participación activa dos estudantes.
13.	Promoción á reflexión dos temas tratados.
14.	Resumo das ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema.
15.	Relación, na medida do posíbel, dos novos conceptos cos xa coñecidos.
16.	Aclaración de dúbidas e asesoramento continuo.
17.	Optimización do tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada estándar de aprendizaxe.
18.	Utilización das TICs de todo tipo como metodoloxía de apoio.
19.	Promoción do traballo cooperativo mantendo unha comunicación fluída cos estudantes.
20.	Desenvolvemento dos contidos dunha forma ordenada e comprensible para o alumnado.

Relación de indicadores que imos manexar de resposta estendida

21.	Conclusións da información recadada de cada alumno sobre a utilidade da materia
22.	Indagación do grao de satisfacción do alumnado
23.	Aportacións da materia a nivel individual de cada alumno
24.	Autoreflexión sobre todos os aspectos, tanto do acadado como o do mellorable

6.9 Materias pendentes: actividades de seguimento, avaliación e recuperación.

Non hai ningún alumno coa materia pendente

6.10 Elementos transversais.

Nunha concepción integral da educación, o tratamento transversal da educación en valores é fundamental para procurar que os alumnos adquiran comportamentos responsables na sociedade, respectando as ideas e crenzas dos demais. O carácter integral do currículo implica a necesidade de incorporar na materia de Grego elementos educativos básicos.

Entre os obxectivos xerais do Bacharelato recóllense algúns que representan valores da sociedade actual:

- o Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- o Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- o Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- o Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu entorno social.
- o Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

Para unha correcta inclusión dos temas transversais na programación da materia, cómpre establecer os seguintes pasos:

1. Clarificar o alcance e o significado de cada un dos valores que se pretenden traballar.
2. Adecuar eses valores á programación didáctica, que concretamente en Grego poderíamos resumir en:
 - Fomentar o diálogo como forma de solución de diferenzas, mediante a análise de problemas históricos de enfrontamentos acontecidos en Grecia.
 - Resaltar aspectos de creatividade e iniciativa existentes entre os gregos e deducir consecuencias dos mesmos.
 - Analizar e recoñecer nos textos as achegas de personaxes de calquera ámbito do mundo helénico no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia.
 - Apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de Europa como mostra de convivencia entre pobos.
 - Recoñecer en textos clásicos situacións de discriminación por razóns de sexo, sociais ou persoais e analizalos criticamente.
 - Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar a discriminación.

- Deducir da postura dos gregos ante o universo, posicións de respecto ou desprezo ante a natureza e o entorno social.
- Analizar e comentar hábitos sociais dos gregos dentro do seu contexto histórico e confrontalos coas concepcións actuais.
- Despertar o interese pola cultura que Grecia desenvolveu e nos legou, salientando as súas diferenzas e semellanzas con outras culturas, desenvolvendo así actitudes de respecto por outros pobos.

6.11 Avaliación inicial: deseño e medidas a adoptar.

Neste apartado é imprescindible recadar toda a información previa que se poida obter de cada un dos alumnos, porque isto, xunto coa avaliación inicial, vains permitir descubrir que alumnado pode precisar de antemán un seguimento máis personalizado ou mesmo unha ubicación dentro da aula máis favorable a cada un deles. Tamén vains a axudar a diversificar as actividades de reforzo (nos seus diferentes grados: positivo ou intensificativo) e unha distribución diferente do tempo a empregar por parte do alumnado obxecto desta medidas de atención nos estándares de aprendizaxe e no modo e maneira de que leven a cabo tarefas con as actividades deseñadas para eles.

Farase unha revisión do material que aporte a editorial e se personalizará segundo da demanda do alumnado en cuestión. Para ilo solicitarase asesoramento por parte de equipo de orientación, por mor de adecuar as medidas a adoitar. En xeral pode adiantarse que a diversidade pode requirir centrarse na redución da extensión dos estándares de aprendizaxe e nunha diminución do grado de consecución de todos aqueles nos que o alumno o precise; pero de igual xeito, pode supor o ter que proporcionarlle ó alumno un afondamento e ampliación na medida e a medida que vaia reclamando.

6.12 Medidas de atención á diversidade.

Na materia de Grego I non existe polo xeral unha gran disparidade inicial. Polas razóns que sexan (por seren matematicorresistentes ou por afección) os alumnos escollen esta sinatura cunha elección clara. A vantaxe neste Bacharelato é que comezamos dende a nada ou case nada.

A vantaxe faise desvantaxe para conseguir os obxectivos programados oficialmente para 1º de Bacharelato e combinalos cos do 2º de Bacharelato que se orientan, queirámolo ou non, para superar á avaliación final de bacharelato. Un ano, ás veces dous, non abundan para abranger unha lingua tan complexa como o grego e cuns contidos tan amplos e diversos.

De tódolos xeitos é unha realidade que ao Bacharelato chegan alumnos con distintos niveis de coñecementos lingüísticos e culturais, con distintas aptitudes e con diferentes graos de manexo de técnicas e máis estratexias. Cómpre xa que logo, adaptar as actividades da clase para os alumnos que aprenden con mais dificultade con contidos mínimos e un ritmo máis lento sen menoscabo dos alumnos que non presentan dificultades na aprendizaxe. Isto ven moi facilitado polo feito de que estamos a tratar dunha materia con moi pouco alumnado, situación que fai moi fácil o traballo na clase e a atención personalizada aos estudantes que poidan presentar algunha dificultade seria.

A atención á diversidade abórdase mediante estratexias orientadas a proporcionar ao profesor a posibilidade de ofrecer diferentes niveis de actuación co alumno.

No libro de texto (e sobre todo no seu formato dixital) existen abundantes exercicios de ampliación sobre os temas de cultura para os alumnos que presenten altas capacidades, ademais a profesora lles facilitara textos de maior dificultade para a tradución coas correspondentes orientacións gramaticais

III- Capítulo final

7. Actividades complementarias e extraescolares

Como actividades complementarias enténdese aquelas que serven como unha parte específica do desenrolo da propia aula pero que teñen lugar fora dela, inda que dentro do horario escolar.

Temos pensado facer unha visita ó museo de Pontevedra, baixo o título de *Aras estelas e miliarios nos fondos do museo Provincial de Pontevedra*, coa intención de poder visitar sobre todo o impresionante fondo de restos de orixe romana que posúe o museo, pero que neste intre descoñezo si nola poden organizar como unha visita guiada de carácter excepcional

Por outra parte temos intención de participar no concurso on line Odisea (organizado pola delegación galega da SEEC) ; así como na sección *Verba volant* do programa *No es un día cualquiera* de RTVE.

Por actividades extraescolares enténdese aquelas que complementan e amplían a visión da aula e teñen lugar fora do horario escolar. Se a situación extraordinaria que estamos a vivir por mor do escenario xurdido a partir da pandemia do COVID-19 o permitise, pensamos ofertar a todo o alumnado do departamento asistir ó Festival de Teatro Clásico organizado pola asociación de teatro Prosopon; así como voltar á coordinación con profesorado de Laín e de Grego dos IES Valle Inclán, Xunqueira I,

Xunqueira II e Gonzalo torrente Ballester para a organización dunha viaxe cultural a calquera dos escenarios das nosas culturas grecolatinas, preferentemete se suxirán:

- ≈ Visita ás domus palentinas
- ≈ Visita á Baelo Claudia
- ≈ Visita a Pmpeia
- ≈ Visita a la Hólade clásica

8. Revisión, avaliación e modificación da Programación didáctica

A revisión da programación didáctica é unha actividade continua que vai ter lugar ó longo de todo o curso escolar e que ven motivada non só polos resultados académicos senón tamén por un proceso de mellora da propia práctica docente. Dita revisión vai ser posíbel pola posta en marcha dos mecanismos que van permitir a avaliación da mesma; isto é, a reflexión da actividade lectiva e a elaboración dunha enquisa de avaliación interna e outra externa:

ENQUISA		
AVALIACIÓN INTERNA (PROFESORADO)	ÍTEMS	GRAO CONSECUCIÓN
	Temporalización das unidades didácticas	
	Desenvolvemento dos obxectivos didácticos	
	Afondamento dos contidos da unidade	
	Descritores competenciais	
	Realización de tarefas	
	Estratexias metodolóxicas seleccionadas	
	Recursos	
	Concreción nos criterios de avaliación	
	Uso de diversas ferramentas de avaliación	
	Rexistro de evidencias dos estándares de aprendizaxe	
	Atención á diversidade	
	Interdisciplinariedade	
AVALIACIÓN EXTERNA (ALUMNADO)	ÍTEMS	GRAO SATISFACCIÓN
	Claridade na exposición	
	Atención individual e colectiva	
	Facilidade na comunicación	
	Emprego das TICs	
	Interactuación	
	Resolución de dúbidas, problemas	
	Expectativas na materia	

APÉNDICE: Posibles escenarios docentes

A presente PD é elaborada contemplando os tres posibles escenarios en función da situación sanitaria:

***- Actividade lectiva presencial**

Tal cal a exposta na súa redacción anterior.

***- Actividade semi – presencial**

Na que é posible dous situacións:

- a) Semi - presencialidade, concibida como tal; na que o alumnado pode continuar o desenvolvemento da materia non estando presente na aula a metade do tempo lectivo, pero si noutro espazo diferente e utilizando as ferramentas das novas tecnoloxías, podendo facer no tempo presencial toda a aprendizaxe tal e como ven de ser programada (ao fin e o cabo, non deixa de ser unha situación habitualmente vivida na docencia, no caso de que un alumno se ausente da aula por motivos xustificados)
- b) Semi – presencialidade, concebida como a impartición presencial só da metade da carga horaria das materias, sen que se complete o 100% da carga horaria con tele-clases mediante videoconferencia, neste suposto a adaptación da PD vai ser a seguinte:

CULTURA CLÁSICA 3º ESO

1.	Coñecer as características máis importantes do marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e Roma.
2.	Coñecer algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas consecuencias e influencia na nosa historia.
3.	Distinguir e situar nun eixe cronolóxico as principais etapas históricas de Grecia e Roma.
4.	Coñecer coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, os seus trazos, atributos e ámbitos de influencia. A relixiosidade oficial e o culto privado.
5.	Coñecer os mitos e heroes grecolatinos de maior relevancia. E coñecer a presenza da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.
6.	Coñecer as características dos principais sistemas políticos presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
7.	Identificar e explicar os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros.
8.	Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na Antigüidade.
9.	Coñecer a orixe común de diferentes linguas, os diferentes tipos de escritura e alfabetos usados na actualidade.

10.	Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.
11.	Realizar traballos de investigación sobre a presenza da civilización clásica no contorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación. E coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania.
12.	Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.

E a avaliación vai ter en conta tanto o traballo autónomo na aula (nos períodos presenciais) como a aportación e resposta do traballo autónomo do alumnado no curso da aula virtual, sempre e cando as autoridades educativas correspondentes poñan a disposición da comunidade educativa os recursos materiais imprescindibles par poder desenvolver este tipo de semipresencialidade.

LATÍN 4º ESO

1.	Localizar nun mapa a orixe da lingua latina e a súa extensión a través do tempo.
2.	Expresar graficamente as linguas faladas en España (romances e non romances).
3.	Distinguir palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos e ser que de utilízalos na súa linguaxe.
4.	Ler coa maior corrección posible textos en latín.
5.	Poder realizar cambios nas palabras variables latinas segundo dun modelo dado.
6.	Comprender frases sinxelas latinas segundo dun modelo dado.
7.	Poder manter unha conversa elemental en lingua latina.
8.	Poder situar nun eixe cronolóxico as principais etapas da historia de Roma. Elementos fundamentais da súa mitoloxía
9.	Recoñecer algúns elementos da tecnoloxía e infraestructuras romanas.
10.	Identificar os elementos principais da vida cotidiá e do tempo de lecer romanos.
11.	Elaborar frases sinxelas segundo dun modelo dado.
12.	Coñecer algunhas das locucións latinas máis usuais.

A avaliación vai realizarse tendo en conta tanto o traballo autónomo na aula e a realización de probas (nos períodos presenciais) como o traballo autónomo desenvolvido polo alumnado no curso da aula virtual, sempre e cando as autoridades educativas correspondentes poñan a disposición da comunidade educativa os recursos materiais imprescindibles par poder desenvolver este tipo de semipresencialidade.

LATÍN I 1º BACHARELATO

1.	Localizar nun mapa o marco de expansión da lingua latina
2.	Concepto de indoeuropeo e familias lingüísticas ás que da lugar
3.	Distinguir palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Saber empregalos na propia linguaxe.
4.	Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.

5.	Orixe e evolución do alfabeto latino.
6.	Tipos de palabras: variables e invariables.
7.	Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.
8.	Flexión verbal.
9.	Elementos da oración; casos, concordancia. Sintaxe: oracións simples e compostas
10.	Subordinación: infinitivo e participio. O subxuntivo.
11.	Obras públicas e urbanismo. A cidade e a vivenda. O lecer
12.	Iniciación ás técnicas de tradución. Traducción de textos adaptados.
13.	Produción de pequenos textos en lingua latina
14.	Locucións latinas de uso actual.

A avaliación vai realizarse tendo en conta tanto o traballo autónomo na aula e a realización de probas (nos períodos presenciais) como o traballo autónomo desenvolvido polo alumnado no curso da aula virtual, sempre e cando as autoridades educativas correspondentes poñan a disposición da comunidade educativa os recursos materiais imprescindibles par poder desenvolver este tipo de semipresencialidade.

LATÍN II 2º BACHARELATO

1.	Identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. Latinismos da fala culta.
2.	Aplicar as regras da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.
3.	Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas
4.	Conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais
5.	Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións simples e compostas, coordinadas e subordinadas.
6.	Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.
7.	Realizar a análise sintáctica da estrutura dun fragmento dun texto latino.
8.	Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.
9.	Utilizar o dicionario
10.	Recoñecer os prefixos latinos nas palabras compostas e indicar a significación que lle aportan.
11.	Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.
12.	Saber desenvolver correctamente as actividades propostas no modelo de exame da ABAU

A avaliación vai realizarse tendo en conta tanto o traballo autónomo na aula e a realización de probas (nos períodos presenciais) como o traballo autónomo desenvolvido polo alumnado no curso da aula virtual, sempre e cando as autoridades educativas correspondentes poñan a disposición da comunidade educativa os recursos materiais imprescindibles par poder desenvolver este tipo de semipresencialidade.

MITOLOGÍA CLÁSICA 2º BACHARELATO

1.	Entender e explicar a cosmogonía
2.	Entender e explicar a teogonía
3.	Facer a exposición das edades da humanidade
4.	Establecer o concepto de ciclo mítico
5.	Realizar a comprensión lectora dun mito.
6.	Elaborar algunha presentación sobre algunha divinidad.
7.	Recoñecer os principais deuses.
8.	Coñecer os principais heroes.

A avaliación vai realizarse tendo en conta tanto o traballo autónomo na aula (nos períodos presenciais) como o traballo autónomo desenvolvido polo alumnado no curso da aula virtual, sempre e cando as autoridades educativas correspondentes poñan a disposición da comunidade educativa os recursos materiais imprescindibles par poder desenvolver este tipo de semipresencialidade.

***- Actividade non presencial**

Na que o alumnado pode continuar o desenvolvemento da materia non estando presente na aula, pero si noutro espazo diferente e debidamente tutelado a distancia polo profesor; polo tanto, na programación só haberá que modificar o epígrafe da avaliación, no referido a que o traballo autónomo e probas na aula ven de ser substituído ó 100% polo traballo autónomo e probas a distancia e que só poderán ser de maneira telemática a través da aula virtual. Todo isto sempre e cando a Consellería provea ós centros do material mínimo indispensable para poder levala a cabo.